



TRABALLO DE FIN DE GRAO

ECOLITERATURA: UN PROXECTO DE EDUCACIÓN LITERARIA E
MEDIOAMBIENTAL

ECOLITERATURA: UN PROYECTO DE EDUCACIÓN LITERARIA Y
MEDIOAMBIENTAL

ECOLITERATURE: A LITERARY AND ENVIRONMENTAL EDUCATION
PROJECT

Laura Méndez Casal
Dir.^a Patricia Carballal Miñán

Grao en Educación Primaria

2021

Índice

Introdución e Xustificación	4
Obxectivos do Traballo	5
Estudo de Caso.....	6
Marco Teórico	6
<i>Revisión Bibliográfica: Unha Aproximación á Ecoliteratura</i>	6
<i>Investigación de Campo: A Ecoliteratura na LIX Galega</i>	8
Definición do Obxecto de Estudo	9
<i>Descrición do Centro</i>	9
<i>Proxecto Documental Integrado e Plan Lector</i>	10
<i>Proxecto de Aprendizaxe: Club de Ecoliteratura</i>	11
Tipo de Investigación	14
<i>Observación Participante</i>	14
<i>Entrevista á Titora</i>	15
<i>Grupos de Discusión co Alumnado</i>	16
<i>Enquisas ao Alumnado</i>	17
Análise de Datos.....	19
<i>Diario de Campo</i>	20
<i>Entrevista á Titora</i>	21
<i>Grupos de Discusión co Alumnado</i>	22
<i>Escala de Cualificación para a Avaliación do Proxecto polo Alumnado</i>	23
<i>Cuestionario sobre Comportamentos e Actitudes Proambientais no Alumnado</i>	24
Discusión dos Datos.....	28
Conclusións	31
Fontes Documentais	33
Notas	37
Anexos.....	39



Anexo A. Información sobre os Escritores Entrevistados	39
<i>Antonio García Teijeiro</i>	39
<i>Antonio Sandoval</i>	39
<i>Pepe Carreiro</i>	40
Anexo B. Entrevistas aos Escritores.....	41
<i>Entrevista a Antonio García Teijeiro</i>	41
<i>Entrevista a Antonio Sandoval</i>	42
<i>Entrevista a Pepe Carreiro</i>	44
Anexo C. Actividades do Proxecto de Aprendizaxe <i>Club de Ecoliteratura</i>	47
Anexo D. Transcrición da Entrevista á Titora	55
Anexo E. Transcrición dos Grupos de Discusión co Alumnado.....	57
Anexo F. Resultados da Avaliación do Proxecto polo Alumnado	63
Anexo G. Resultados do Cuestionario sobre Comportamentos e Actitudes Proambientais no Alumnado.....	65

Introdución e Xustificación

Nature is declining globally at rates unprecedented in millions of years. The way we produce and consume food and energy, and the blatant disregard for the environment entrenched in our current economic model, has pushed the natural world to its limits. COVID-19 is a clear manifestation of our broken relationship with nature. It has highlighted the deep interconnection between nature, human health and well-being, and how unprecedented biodiversity loss threatens the health of both people and the planet.¹ (Almond et al., 2020, p. 4)

Hoxe, máis que nunca, urxe a concienciación mais a acción de toda a sociedade en prol do coidado do medio ambiente e da conservación da natureza. Se como se indica na actual lei educativa, a educación debe “asumir un papel activo –tanto en el ámbito local como mundial– a la hora de afrontar y resolver los problemas comunes a todos los ciudadanos del mundo” (Ley Orgánica 3 de 2020, preámbulo, par. 26), resulta obvia a necesidade de traballar a educación medioambiental na escola. De feito, o citado documento especifica ao respecto:

Dado que el sistema educativo no puede ser ajeno a los desafíos que plantea el cambio climático del planeta, los centros docentes han de convertirse en un lugar de custodia y cuidado de nuestro medio ambiente. Por ello han de promover una cultura de la sostenibilidad ambiental, de la cooperación social, desarrollando programas de estilos de vida sostenible y fomentando el reciclaje y el contacto con los espacios verdes. (Ley Orgánica 3 de 2020, preámbulo, par. 38)

Comprendida a importancia desta tarefa, xorde a seguinte cuestión: como desenvólvela? É preciso que, á par que traballamos a educación medioambiental, promovamos o desenvolvemento do pensamento crítico no alumnado e, sen dúbida, a lectura literaria é unha ferramenta fundamental para este fin, pois desenvolver a competencia literaria aporta numerosos coñecementos e habilidades entre os que destaca a capacidade crítica (Mendoza, 2006). Por iso, desde a ecocrítica, diversos/as estudosos/as (Armbruster e Wallace, 2001; Flys et al., 2010; Clark, 2011; Glotfelty e Fromm, 1996; Schneider et al., 2020) defenden a introdución nas aulas dunha corrente literaria que permita traballar, de forma interdisciplinaria, a educación literaria e a educación medioambiental: a ecoliteratura. Scott Slovic, presidente fundador da Association for the Study of Literature and Environment (ASLE), comenta: “One of the important issues in contemporary nature writing is how this literature translates into concrete changes in readers’ attitudes toward the environment, and into more environmentally sound behavior”² (Glotfelty e Fromm, 1996, p. 364).

Este traballo pretende non só divulgar este tipo de literatura, apenas coñecida en España e menos aínda en Galicia, senón tamén ser unha demostración de que a súa introdución na escola nos permite ofrecer unha educación significativa, de calidade e de cambio social. Unha educación que indiscutibelmente necesitamos.

Obxectivos do Traballo

Dous obxectivos principais delimitan os intereses desta investigación e guían o seu desenvolvemento:

- ✓ Divulgar a ecoliteratura en Galicia, co fin de ampliar a presenza desta corrente literaria nos ámbitos literario mais educativo.
- ✓ Comprobar a consecución dos obxectivos do proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura*, para servir de exemplo na introdución da ecoliteratura nas aulas de educación primaria.

De cara á divulgación da ecoliteratura, centrámonos especificamente en dous fins:

- ✓ Esbozar o panorama xeral da ecocrítica e da ecoliteratura a través dunha revisión bibliográfica.
- ✓ Realizar unha aproximación á análise da ecoliteratura na literatura infantil e xuvenil galega a través de tres entrevistas a escritores galegos de literatura medioambiental.

Por outra banda, o proxecto de aprendizaxe mencionado, como se explica con maior detalle no apartado “Definición do Obxecto de Estudo”, buscaba catro finalidades que, brevemente, podemos resumir en (a) propoñer unha metodoloxía que fomente o hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado, (b) mellorar a súa competencia comunicativa en lingua galega, (c) tratar a educación medioambiental enfocada nos bosques e (d) introducir o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Polo tanto, é posíbel esmiuzar o obxectivo principal deste traballo referido ao dito proxecto nos seguintes obxectivos específicos:

- ✓ Valorar a idoneidade da metodoloxía introducida para o traballo da educación literaria, atendendo aos seus efectos no hábito lector e no gusto pola lectura do alumnado participante.
- ✓ Avaliar o progreso do alumnado participante na súa competencia comunicativa en lingua galega, con especial atención á competencia lectora e á expresión escrita.
- ✓ Comprobar os coñecementos, comportamentos e actitudes en materia medioambiental adquiridos polo alumnado participante.
- ✓ Analizar o grao de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación na aula a través do proxecto de aprendizaxe.

Estudo de Caso

Marco Teórico

Revisión Bibliográfica: Unha Aproximación á Ecoliteratura

No cabe duda de que los estudios sobre el medio ambiente y la ecología gozan de gran auge en estos tiempos y, juntos a ellos, el uso de nuevos términos que empiezan a tener límites difusos: ecocrítica, estudios literarios medioambientales, literatura de la naturaleza, literatura medioambiental, crítica ecológica, ecología literaria, crítica literaria medioambiental o ecopoética. (Flys et al, 2010, p. 127)

En busca dunha aproximación á definición de ecoliteratura, cómpre comezar desde a base falando de ecoloxía. Etimoloxicamente, a palabra *ecoloxía* provén dos termos gregos *oikos*, que significa “casa”, e *logos*, que significa “estudo”; así, é definida cientificamente como “l’anàlisi de caire científic i l’estudi de les interaccions entre organismes i components abiòtics, i el seu ambient o entorn natural”³ (Abrams, 2016, 9m35s). Na actualidade, considérase “la ciencia básica del ambiente que comprende el equilibrio natural o el desequilibrio sobre todo generado por el hombre” (Malaver, 2001).

Porén, o certo é que hoxe en día a sociedade relaciona ecoloxía con intereses políticos, ética e movementos verdes: “neste caso estamos em presença não de Ecologia, mas antes de uma ideologia, o «Ecologismo», a qual, apesar de pretender fundamentar-se numa ciência, constitui já uma abordagem não científica da realidade”⁴ (Cancela et al, 2006, p. 152). Ecoloxía e ecoloxismo son, polo tanto, unha ciencia mais unha ideoloxía, respectivamente; resulta curioso que actualmente sexan termos empregados a diario e, en cambio, semelle bastante estendida a súa confusión.

Ao longo da segunda metade do século XX, en Estados Unidos, foi xurdindo unha crecente preocupación pola problemática medioambiental que levou á aparición dunha crítica ambientalista (Love, 2003, p. 1) interesada en comprender as relacións do ser humano co mundo natural desde unha conciencia ecolóxica (ASLE, 1994, p. 8): a ecocrítica. A súa definición aínda hoxe é ambigua (Dobrin e Kidd, 2004, p. 2), mais adoita facerse referencia á exposta polos célebres ecocríticos Glotfelty e Fromm na súa obra *The ecocriticism reader: landmarks in literary ecology* (1996), considerada unha das dúas biblias da ecocrítica: “simply put, ecocriticism is the study of the relationship between literature and the physical environment”⁵ (p. xviii). Non obstante, o seu traballo é máis complexo:

The emerging body of work that might be labeled ecocritical is united not by a theory, but by a focus: the environment. This ecocritical work draws on a variety of theories, such as feminist, Marxist, post-structuralist, psychoanalytic and historicist. Using these different theories, the ecocritic considers how nature is reflected and perceived in literary texts.⁶ (ASLE, 1994, p. 10)

Desde a década de 1960 até a actualidade, a ecocrítica tense estendido por todo o mundo e o seu termo foi e continúa a ser amplamente discutido; algúns académicos considéranlo vago, outros demasiado familiar coa ecoloxía e outros mesmo relacionado co activismo (Branch e Slovic, 2003, p. xv). O que resulta indiscutíbel é que se trata dun estudo interdisciplinario (Borah, 2017, p. 503) que “rompe con la tradicional separación entre las ciencias y las letras, ya que se considera fundamental unir la visión de la naturaleza literaria con la científica y ecológica” (Campos e García, 2017, pp. 96-97).

Tendo en conta o exposto até o momento, que é a ecoliteratura? Desde Latinoamérica, o educador ambiental Martín Ricardo Testa Garibaldi (2016) define a *ecoliteratura* como unha “corriente literaria que busca la conciliación del ser humano con su entorno natural” e que pode empregarse “como una herramienta de educación ambiental” (2m38s). Aquí en España, Sam Abrams (2016), escritor e crítico literario, explica que “en principi, «ecoliteratura» vol dir la literatura que es produeix des d'un estat de consciència de l'ecologia, de respecte per la natura, d'interacció amb la natura, de comprensió de el sistema natural, etc.”⁷ (11m15s). Así e todo, ao igual que ocorre coa ecocrítica, supón un concepto complexo e aínda non existe unha definición oficial; en realidade, nin sequera hai consenso a respecto do termo co cal denomíno. Scott Slovic, unha das figuras máis destacadas da ecocrítica, como xa mencionamos, comenta nunha entrevista en relación a esta cuestión o “debate existente en diferentes partes del mundo sobre la expresión «literatura medioambiental» versus la expresión «ecoliteratura» o «literatura ecológica»” (Flys et al., 2010, p. 42); segundo este, a expresión “literatura medioambiental” semella ser a máis utilizada en Estados Unidos, mais cada cultura debe buscar o termo máis apropiado para ela (p. 44). Lawrence Buell, célebre ecocrítico autor da outra “biblia” sobre ecocrítica, *The environmental imagination: Thoreau, nature writing, and the formation of American culture* (1996), sinala no dito libro precisamente sobre este tema: “we can think of it [environmental literacy] as a kind of culture, with local and historical variations, requiring efforts of study and adaptation”⁸ (p. 107).

Por último, cómpre analizar a presenza e as características da ecoliteratura dentro da literatura infantil e xuvenil, pois é aquela que utilizaremos fundamentalmente nas aulas. En Estados Unidos, destacan dous enfoques ou temas principais nesta literatura: “large-scale destruction of pristine wilderness, such as destruction of areas of the Amazon forest, and ecological relationships in smallscale communities - a beach or rock pool in natural environments, or home, street, or suburb in urban environments”⁹ (Bradford et al., 2008, p. 93). En España, pese a que en xeral se descoñeza a existencia aínda desta corrente literaria,

nas derradeiras décadas están a crecer de forma notábel as obras con temas ambientais como temática principal (Flys, 2010, p. 119).

Concretamente, na literatura infantil e xuvenil castelá, desde a segunda metade do século XX existen dous enfoques fundamentais “para tratar las relaciones entre el ser humano y la naturaleza” (Flys et al., 2010, p. 359): a natureza como refuxio, especialmente a nivel psicolóxico –*Beatus ille*-, e o home como destrutor da natureza a través das súas accións. Debido ao desenvolvemento do ecoloxismo no século XX, predomina preferentemente o segundo enfoque, destacando como temas moi presentes a contaminación atmosférica, a reciclaxe, o cambio climático, a deforestación, a diminución dos recursos hidráulicos potábeis, a destrución de ecosistemas, a extinción de especies –con especial atención ao tráfico de animais salvaxes e exóticos- e “las minorías étnicas, como los inuits, víctimas de la agresión ecológica que las sociedades desarrolladas ejercen sobre su entorno natural” (Flys et al., 2010, pp. 360-361). Ademais, os problemas medioambientais vinculados coa industria agroalimentaria e as consecuencias sanitarias do deterioro do medio ambiente son temas que actualmente están a aparecer con maior frecuencia. Porén, hai certas cuestións que, a pesar da súa importancia salientábel, están aínda nada ou pouco tratadas, como os múltiples problemas relativos ao entorno urbano ou a contaminación visual, olfactiva, acústica e residual. Sexa como for, cabe destacar que, “además de denunciar problemas ecológicos, la LIJ trata de mostrar que existen soluciones” (Flys et al., 2010, p. 361).

Investigación de Campo: A Ecoliteratura na LIX Galega

Canto á presenza da ecoliteratura na literatura infantil e xuvenil galega, non existen aínda fontes onde se analice esta cuestión; non hai estudos sobre a súa situación, os seus autores e as súas autoras, ou as súas temáticas máis comúns. Por iso, para o presente traballo realizáronse unha serie de entrevistas a tres escritores destacados da literatura infantil e xuvenil galega actual con obras en que se aprecia un marcado carácter proambiental: Antonio García Teijeiro –co libro *A nena do parque*-, Antonio Sandoval Rey –co libro *A árbore da escola*- e Pepe Carreiro –coa colección *Os Bolechas descubren a natureza*- (ver Anexo A e Anexo B).

En xeral, estes autores optan por fuxir das etiquetas; García Teijeiro comenta que “a literatura non pode estar tan compartimentada”, Antonio Sandoval considera que cando menos a súa obra pode enmarcarse en distintos xéneros e Pepe Carreiro directamente non cataloga o seu traballo como literatura. Porén, os dous primeiros autores recoñecen que os obxectivos dos seus libros son concienciar no “amor e respecto pola natureza”, facer reflexionar aos/ás lectores/as sobre os problemas que sofre esta e advertir da necesidade da

“conservación da rede de vida que sustenta á humanidade”, mentres que o terceiro indica que a súa colección centrada na natureza trata de “dar a coñecer os distintos hábitats de Galicia”. Polo tanto, tendo en conta as definicións de «ecoliteratura» aportadas por Testa (2016) e Abrams (2016), poderíamos perfectamente incluír esas obras e, por extensión, aos seus escritores nesta nova corrente literaria. De feito, todos eles recoñecen que a literatura, sen caer en finalidades divulgativas, resulta unha ferramenta moi útil para compartir ideas e para informarse “de todo canto de interese haxa no mundo” (P. Carreiro), sendo a materia medioambiental unha das posíbeis temáticas; mesmo son conscientes da pegada que deixan nos/as lectores/as e da repercusión das súas obras tanto no ámbito educativo, no cal serven en moitas ocasións como eixo de propostas didácticas, como no persoal e social, motivando a nenos e nenas a visitar os escenarios dos libros –no caso de Pepe Carreiro-, por exemplo.

Por último, canto á presenza da temática medioambiental na nosa literatura, García Teijeiro afirma que a natureza goza dun papel protagonista tanto na literatura castelá como galega, pois “hai un enorme amor polo medio ambiente nos que nos dedicamos a escribir”; en cambio, Antonio Sandoval explica que, se ben abundan os materiais divulgativos, os textos propiamente de creación literaria son reducidos e, aínda que de forma recente están aumentando o seu número –principalmente mediante a tradución de obras estranxeiras-, “temos que reforzar aquí, en galego e castelá (e en éuscaro, catalán...) a nosa propia tradición en torno a este tipo de literatura”.

Definición do Obxecto de Estudo

Descrición do Centro

O CEIP Emilio González López localízase na parroquia de Brexo-Lema, no concello de Cambre (A Coruña), e a súa zona de influencia abrangue a dita parroquia mais as de Andeiro, Bribes, Meixigo e Vigo (CEIP, 1998, pp. 7). Trátase dunha contorna rural que goza de importante valor cultural e histórico, grazas a abundantes vestixios prehistóricos e ao seu patrimonio histórico-artístico. A súa poboación caracterízase por se asentar de maneira dispersa –predominando as vivendas unifamiliares illadas-, así como por posuír unha situación económica en xeral media. A respecto do propio centro (CEIP, 2020), este ofrece escolarización nas etapas de educación infantil e primaria; a súa xornada escolar é continuada en horario de mañá, de 9:30 a 14:30 horas, e o idioma empregado oficialmente no centro e, en consecuencia, nos seus documentos é o galego, se ben tanto o profesorado como o alumnado son na súa maioría castelanfalantes. Canto á filosofía do centro, enténdese a educación como un factor importante no cambio social e un instrumento de progreso cun dobre propósito: o desenvolvemento da comunidade e o desenvolvemento do individuo.

En referencia aos recursos educativos (CEIP, 2020, pp. 48-50), o material didáctico principal segue a ser o libro de texto, mais o obxectivo do centro é adaptarse ás novas tecnoloxías e aos novos métodos de ensino -dentro das súas posibilidades-; por iso, nas materias de Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega, a partir do segundo curso de primaria, utilízanse tabletas co programa Snappet xunto a outros materiais proporcionados polo profesorado para evitar os libros de texto. Ademais, algunhas mestras esfórzanse por traballar por proxectos e crear materiais propios –sobre todo manipulábeis- en todas as materias. Verbo dos recursos TIC, esta escola conta cun taboleiro dixital interactivo, un proxector, unha pantalla branca de proxección e un ordenador portátil en cada unha das súas aulas ordinarias e na aula de informática, a cal posúe ademais catorce ordenadores. Encontramos catro computadoras máis na biblioteca, unha reservada para o/a docente responsable deste espazo e outras tres dispoñíbeis para o alumnado. Para rematar, a respecto dos seus recursos bibliográficos, o centro está a desenvolver o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), polo que incrementou notabelmente os seus materiais grazas ao presuposto recibido para este proxecto. Cómpre mencionar que este novo material bibliográfico trata sobre todo temas de actualidade que é necesario traballar dende a educación, como o feminismo, o respecto polo colectivo LGTBI, a normalización de distintos tipos de familia, o rexeitamento do racismo, o ecoloxismo, etc. Ademais, todas as aulas teñen a súa propia biblioteca de aula, adaptada aos intereses e ás necesidades de cada grupo de alumnos/as.

Proxecto Documental Integrado e Plan Lector

Dende hai varios anos, o CEIP Emilio González López desenvolve un proxecto documental integrado ao longo de cada curso, comprometido especialmente coa educación en valores; coordinado polo Equipo de Biblioteca, participa nel todo o centro. Neste curso académico, o PDI titulouse *A fraga do meu avó* e integrou o estudo das fragas, dos montes e do medio natural de Galicia (CEIP, 2020, pp. 62).

A primeira actividade desenvolvida neste PDI foi o estudo da Fraga do Rei, excursión que deu inicio ao proxecto de aprendizaxe analizado no presente traballo, precisamente. Tamén se estivo a traballar arredor do libro-disco *A fraga do meu avó*, o cal deu nome ao propio PDI; está baseado na fraga mencionada e ademais é obra do grupo musical Mamá Cabra, cuxa vocalista é a docente de Educación musical deste mesmo centro. Por outra banda, alén das actividades creadas especificamente para este proxecto, houbo outras dinámicas conectadas así mesmo con este. Por exemplo, os libros seleccionados para o Plan Lector vinculábanse tamén a el, escollendo lecturas cuxa temática estivera relacionada co

eixo do PDI, e as celebracións como o Festival de Nadal, o Entroido, etc. ambientáronse este curso nas fragas.

En relación ao Plan Lector do CEIP Emilio González López, mentres gran parte dos proxectos lectores se basean no aumento do número de textos lidos polo alumnado, neste centro “pensamos en nos fixar máis na calidade da lectura, no incremento da competencia lectora e na elevación dos niveis de comprensión do texto” (CEIP, 2020, pp. 52), entendendo por comprensión lectora non a habilidade de extraer información explícita dun texto ou a súa «idea principal», senón a capacidade para procurar o significado implícito do texto, descubrir significados ocultos, incorporar a imaxinación e integrar o lido na propia experiencia.

Para o desenvolvemento deste Plan Lector, cada titora escolle dous libros -un en galego e outro en castelán, ou ben ambos en galego- para o seu grupo-clase, podendo deixar maior ou menor poder de elección ao seu alumnado, e arredor deles deseñan unha proposta didáctica para desenvolver na aula de forma complementaria á lectura colectiva. Cómpre sinalar que as dúas obras escollidas para o grupo de 2º de educación primaria no presente curso eran en principio libros que ían formar parte do proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura* –obxecto de estudo deste traballo-, mais consideráronse adecuadas para incluír no Plan Lector porque estaban relacionadas co Proxecto Documental Integrado actual, permitían traballar de maneira significativa arredor delas, achegábanse aos gustos do alumnado e tiñan as características apropiadas para poder ser lidas en voz alta colectivamente: *A castaña que chegou a árbore* -de Tucho Calvo- e *La tribu que apesta* -de Magali le Huche e Elise Gravel-.

Proxecto de Aprendizaxe: Club de Ecoliteratura

Baseado, como o seu propio nome indica, na ecoliteratura, estamos ante un proxecto de aprendizaxe onde se combinou a educación literaria e a educación medioambiental co fin de fomentar o hábito lector, mellorar a competencia comunicativa do alumnado e, ao mesmo tempo, ofrecer a este unha aprendizaxe significativa a través da súa implicación nos problemas do mundo que o rodea. Desenvolveuse co grupo de 2º curso de educación primaria, formado por 22 estudantes -11 nenos e 11 nenas-.

No CEIP Emilio González López levan varios cursos académicos incluíndo na Programación Xeral Anual, como un dos seus obxectivos específicos, “potenciar as actividades encamiñadas á mellora da comprensión lectora e da expresión oral, facendo fincapé na lingua galega nunha comunidade educativa maioritariamente castelán-falante” (CEIP, 2020, pp. 11). Concretamente, o alumnado do 2º curso de educación primaria

presentaba niveis moi desiguais na competencia lectora, así como graves carencias na súa competencia comunicativa en galego: había nenos e nenas capaces de ler todo un texto seguido, mesmo coa entoación e coas pausas adecuadas, mentres outros/as aínda silababan e, en xeral, todos e todas admitían non comprender ben as lecturas en lingua galega nin saber falar galego. Así mesmo, nos momentos de xogo libre practicamente ningún/unha deles/as optaba por ler un libro e, fóra do centro educativo, adoitaban dedicar a maior parte do tempo de lecer a xogos –especialmente electrónicos–, tampouco á lectura. Canto á temática medioambiental escollida, este proxecto centrouse nos principais problemas que sofren os bosques e na importancia do seu coidado para a súa conservación. As razóns desta elección foron, basicamente, a urxencia por que as novas xeracións sexan conscientes canto antes desta situación para a súa implicación, o eixo do Proxecto Documental Integrado do CEIP Emilio González López para este curso e o contacto do alumnado coa natureza na súa vida diaria –pois, como comentamos, as súas vivendas sitúanse polo xeral nunha contorna rural, con lugares como a Fraga do Rei ou a Fraga de Cecebre–.

Así pois, os obxectivos do proxecto eran propoñer unha nova metodoloxía para a educación literaria, co fin de fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado; traballar cara á mellora no alumnado da competencia comunicativa en lingua galega, facendo fincapé na comprensión lectora e na expresión tanto oral como escrita; tratar a educación medioambiental enfocada na protección dos bosques, dando a coñecer os principais problemas actuais, así como promovendo un comportamento respectuoso coa natureza mais unha actitude de preocupación e de compromiso co coidado do medio ambiente; e introducir as tecnoloxías da información e da comunicación nos proxectos de aprendizaxe.

Para iso, en relación ao currículo oficial da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 105/2014), traballáronse seis obxectivos xerais -b, e, g, h, i, l- e seis competencias clave -CCL, CAA, CSC, CMCT, CCEC e CD-, así como contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes a seis materias -Ciencias da natureza, Ciencias sociais, Lingua castelá e literatura, Matemáticas, Educación artística plástica e Lingua galega e literatura-.

Canto á metodoloxía levada a cabo, empregouse a aprendizaxe baseada en proxectos, mais foi preciso adaptala especificamente ao nivel no que nos encontrabamos e ao alumnado, así como á actual situación de pandemia pola COVID-19; isto implicou, por un lado, guiar en gran medida aos/ás estudantes no seu proceso de aprendizaxe –xa que estabamos ante un grupo de nenos/as moi dependente que precisaba ir pouco a pouco gañando autonomía- e, por outra banda, evitar os agrupamentos -ante a imposibilidade de traballar en grupos debido ás

medidas de protocolo adoptadas pola pandemia-. Así, as actividades foron deseñadas para se realizar de maneira individual, mais sendo parte da creación de produtos finais colectivos.

O deseño do proxecto incluía unha temporalización de 21 sesións, aparte da mañá completa dedicada á excursión á Fraga do Rei que se utilizou como punto de partida, mais finalmente foi levado a cabo ao longo de aproximadamente 25 sesións. Todas as actividades foron publicadas nun blog creado para o proxecto (<https://clubdeecoliteratura.blogspot.com/>) segundo ían sendo levadas a cabo, acompañadas do acceso ao material deseñado para que calquera persoa puidese empregalo (ver Anexo C). Co “Catálogo das árbores de Galicia” comezamos investigando a natureza máis próxima a nós: as árbores que nos rodean e que coñecemos na excursión á Fraga do Rei. A continuación, fomos máis aló e descubrimos as zonas verdes máis importantes de Cambre, a provincia da Coruña, Galicia, España, Europa e a Terra, a partir da actividade “Os pulmóns do planeta”. De seguido, grazas ás matemáticas e á actividade “Resolución de problemas de ecologistas”, analizamos datos importantes sobre as ditas zonas para comprender a gravidade da situación que sofren actualmente. Unha vez coñecida a realidade, con “La Voz de la Fraga” afondamos nos principais problemas medioambientais relacionados cos bosques e, para concluír a nosa investigación, entrevistamos a tres escritores comprometidos con difundir a través do seu traballo o amor pola natureza e a necesidade da súa protección -”Entrevistas ecoliterarias”-. Por último, chegou o momento de actuar e contribuír nesta loita; coa “Fábrica de papel reciclado” procuramos aprender a reducir, reciclar e reutilizar os recursos naturais, mentres que coa actividade “Ecoloxistas reforestadores/as” aportamos o noso gran de area á reforestación do planeta. Paralelamente, levamos a cabo as “Horas de lectura”, unha sesión semanal dedicada á lectura de libros relacionados cos bosques e coa problemática medioambiental -habendo obras dos autores entrevistados-; finalmente, eliximos a obra literaria preferida dentro do grupo e creamos un “Videoconto”. Rematamos o proxecto cunha actividade de resumo e reflexión, “Artigo de opinión: Os bosques en perigo”, seguida dunha “Avaliación do proxecto. Valoración do alumnado”. Como actividades complementarias, contamos co “Reading Challenge” e coa “Visualización do filme *O Bosque Animado*”. Ademais, pechamos o proxecto cuns “Premios Goya de Literatura” onde premiamos o traballo, a actitude e o progreso do alumnado.

Os recursos e materiais necesarios para a realización deste proxecto foron fundamentalmente libros, fichas e recursos tecnolóxicos: os libros e o filme *O Bosque Animado* (2001) pedíronse en préstamo tanto na biblioteca do centro educativo como nas bibliotecas municipais do concello, as fichas foron creadas de maneira específica para cada

actividade e personalizadas para o alumnado, e os recursos tecnolóxicos estaban todos dispoñíbeis no centro educativo. Ademais, precisáronse certos materiais para algunhas actividades que non eran propiamente educativos e os premios finais, baseados nos gustos e intereses do alumnado, así como na temática e nas finalidades do proxecto.

Por último, a respecto da avaliación, esta foi de carácter formativa no caso do alumnado, valorando a evolución de cada estudante; a docente empregou para esta tarefa un rexistro anecdótico e unha rúbrica, mentres que coa actividade “Artigo de opinión: Os bosques en perigo” cada neno/a puido realizar unha autoavaliación. Por outra banda, canto á avaliación do proxecto en si, a docente encargouse desta a través dunha escala de cualificación numérica onde se indicou o nivel de logro alcanzado a respecto dos obxectivos do proxecto, mentres que o estudiantado, a través da actividade “Avaliación do proxecto. Valoración do alumnado”, realizou esa mesma tarefa a través dunha escala de cualificación descritiva. Desta forma, levouse a cabo unha avaliación compartida na que foron tan importantes as conclusións do/a docente como as do alumnado.

Tipo de Investigación

No presente traballo desenvólvese unha investigación cualitativa, posto que esta metodoloxía, tal e como expón Sandín (2003), está “orientada a la comprensión en profundidad de fenómenos educativos y sociales” (p. 123). Concretamente, empregamos o estudo de casos como método investigativo, levando a cabo o estudo intrínseco (Stake, 1998, p. 16) e avaliativo (Merriam, 1997, p. 39) dun caso único (Bisquerra, 2019, p. 303) deseñado (Reigeluth e Frick, 1999, en Lucas Palacios, 2018, p. 131).

Na metodoloxía cualitativa, “los investigadores participan de la investigación y son el principal instrumento de medida: filtran la realidad de acuerdo con su propio criterio y le dan sentido, la interpretan” (Bisquerra, 2019, p. 270). Polo tanto, para evitar a subxectividade nos resultados, utilizamos a estratexia da “triangulación” para a obtención e a análise dos datos, recollendo información desde distintas fontes e perspectivas. As principais técnicas de recollida de datos a empregar son directas, isto é, interactivas (Bisquerra, 2019, p. 324): observación participante, entrevista e grupos de discusión. Ademais, de forma complementaria, realizamos dúas enquisas para a recompilación de información máis cuantitativa.

Observación Participante

A observación participante permite recoller información desde un enfoque holístico, pois simultaneamente o/a investigador/a está a participar na actividade do grupo examinado (Bisquerra, 2019, p. 324). Nesta ocasión, empregamos un diario de campo como sistema de

registro das observacións relevantes verbo de cada sesión do proxecto, segundo este vai sendo desenvolvido: posta en práctica das actividades, reaxustes necesarios na planificación e nos tempos, dificultades do alumnado, actitudes e comportamentos apreciados no grupo, etc.

Entrevista á Titora

A entrevista proporciona datos máis subxectivos –crenzas, opinións, valoracións, etc.- acerca do obxecto de estudo (Bisquerra, 2019, p. 328) desde a perspectiva da persoa entrevistada. Neste caso, é a profesora-titora do alumnado participante no proxecto quen, a través dunha entrevista semi-estruturada final (Bisquerra, 2019, pp. 328-330), aporta importante información a esta investigación sobre as seguintes cuestións:

- Que che pareceu en xeral o proxecto de ecoliteratura, canto a planificación, temporalización, contido...?
- Como sabes, un dos obxectivos principais era intentar que o alumnado aumentara o seu hábito lector e o seu gusto pola lectura. Pensas que conseguimos ese obxectivo? É dicir, que, en maior ou menor grao, o proxecto contribuíu a iso?
- Por exemplo, nos momentos de xogo libre na aula, ves que haxa máis nenos e nenas que se decanten pola lectura como actividade de ocio? Ou que o fagan con maior frecuencia que antes?
- Outro obxectivo importante era traballar a competencia comunicativa en lingua galega, sobre todo, a comprensión lectora e a expresión escrita. Notaches melloras no alumnado canto a ese aspecto?
- Onde/como?
- A través da temática do proxecto, traballamos a educación medioambiental. Que cres que aprendeu o alumnado sobre esta materia?
- Percibiches cambios na escola a este respecto? Por exemplo, que reducisen o uso de papel, que respecten máis a natureza no patio...?
- Consideras que foi unha aprendizaxe significativa para eles e elas?
- Empregamos Internet para investigar sobre as árbores de Galicia, un blog para publicar todo o que fixemos, Youtube para compartir os videocontos e algunhas ferramentas da Rede en determinadas actividades, por exemplo, My Google Maps para ver “Os pulmóns do planeta”. Pensas que estes recursos tecnolóxicos axudaron á motivación do alumnado?
- Levamos a cabo un uso das tecnoloxías como ferramentas de empoderamento e participación -é dicir, enfocadas en compartir o que faciamos e permitir que calquera

puidera participar, sobre todo-, máis que como simples recursos de información e comunicación. Como cres que funcionou este enfoque?

- Gustaríache comentar algo máis sobre o proxecto?

Esta entrevista realízase na biblioteca do CEIP Emilio González López durante unha sesión de garda onde a docente está dispoñíbel cara ao final do curso académico –catro meses máis tarde da finalización do proxecto, aproximadamente- e rexístrase por medio dunha gravadora de son.

Grupos de Discusión co Alumnado

O grupo de discusión consiste na realización dunha entrevista colectiva co fin de coñecer a percepción dun grupo de persoas acerca do obxecto de estudo (Bisquerra, 2019, p. 335). Nesta investigación, entrevistamos ao alumnado participante no proxecto; ao tratarse dun grupo de 22 alumnos e alumnas, levamos a cabo dous grupos de discusión con 11 nenos e nenas en cada un, pois como explica Bisquerra (2019), “deben ser lo suficientemente pequenos como para permitir la oportunidad a cada participante de compartir su discernimiento de las cosas y a la vez lo suficientemente grande como para proveer diversidad de percepciones” (p. 336). As preguntas pensadas para orientar estas discusións son as seguintes:

- Recordades o proxecto de ecoliteratura que fixemos no primeiro trimestre? Que actividades recordades?
- Que aprendemos, por exemplo, sobre os problemas que sofren os bosques en todo o mundo?
- E que podíamos facer nós para axudar a solucionar iso?
- Facedes agora algo novo na casa ou na escola para axudar máis a coidar o medio ambiente? Reciclar máis, reutilizar cousas, non gastar tanto papel...?
- Unha das actividades que fixemos nese proxecto e que logo seguimos facendo todo o curso foron as “Horas de lectura”. Gústavos esa actividade? Por que (non)? Preferides esa actividade que fichas de comprensión lectora, cun texto e preguntas?
- Agora ledes máis que antes, menos ou igual? Cando adoitades ler? Notastes que agora ledes mellor?
- A quen lle gusta máis ler agora? E por que vos gusta máis agora que antes?
- Fixemos “Horas de lectura” sobre a natureza, sobre as emocións e sobre países do mundo. Cal vos gustou máis? Por que?
- Algo que tiñamos que traballar ben este curso era a lingua galega, porque nos custaba un pouco. E agora? Entendedes mellor o galego? E sabedes escribilo mellor?

- Gústavos ler libros en galego?
- Que vos pareceu usar Internet para, por exemplo, investigar sobre as árbores de Galicia na aula de informática, para ter un blog sobre nós, para publicar os nosos videocontos en Youtube...? Gustaríavos facer máis actividades así?
- Gustouvos o proxecto de ecoliteratura? Gustaríavos facer máis proxectos así? Que foi o que máis vos gustou?

Os dous grupos de discusión lévanse a cabo na biblioteca do CEIP Emilio González López, por quendas, durante unha sesión en que o alumnado non está a recibir docencia, senón que se encontra baixo a supervisión dunha mestra de garda gozando dun momento de xogo libre. A discusión ten lugar cara ao final do curso académico –catro meses máis tarde da finalización do proxecto, aproximadamente- e rexístrase por medio dunha gravadora de son.

Enquisas ao Alumnado

As enquisas son ferramentas que permiten a recollida de información a partir dunha serie limitada de preguntas formuladas, polo xeral, a unha mostra determinada de poboación (Bisquerra, 2019, p. 232). Para este estudo, proporcionamos ao alumnado unha escala de cualificación descritiva ao remate do proxecto para a avaliación deste último e, tres meses máis tarde, aproximadamente, un cuestionario a través do cal valorar os seus comportamentos e as súas actitudes proambientais.

Por unha banda, en relación á escala de cualificación descritiva, como observamos na Táboa 1, esta componse de dez ítems: nove deles de respostas pechadas, onde o alumnado debe escoller entre catro posíbeis opcións –*non* (0), *pouco* (1), *bastante* (2) ou *moito* (3)-, e o último de resposta aberta, onde se debe escribir a actividade favorita do proxecto.

Táboa 1.

Escala de cualificación para o alumnado

Ítems	Opcións de resposta			
As actividades do proxecto parecerónme divertidas.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Aprendín coas actividades do proxecto.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Agora gústame máis ler que antes do proxecto.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Agora leo máis a miúdo que antes do proxecto.	Non	Pouco	Bastante	Moito
O proxecto axudoume a usar máis o galego.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Co proxecto coñecín problemas que sofren os bosques.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Co proxecto aprendín accións para protexer os bosques.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Agora preocúpome máis polo coidado da natureza.	Non	Pouco	Bastante	Moito
Co proxecto utilizamos tecnoloxías.	Non	Pouco	Bastante	Moito
A miña actividade favorita foi				

Esta enquisa proporciónase en papel impreso (ver Anexo C) na penúltima sesión do proxecto.

Canto ao cuestionario para a medida dos comportamentos e das actitudes proambientais do alumnado, este consta de tres seccións, tal e como se observa na Táboa 2. A primeira enfócase nos comportamentos pro-ecolóxicos e consiste nunha escala de cualificación de tipo Likert, con oito ítems e catro posíbeis respostas para cada un -*nunca* (0), *ás veces* (1), *case sempre* (2) e *sempre* (3)-, mentres que as seccións segunda e terceira analizan as actitudes pro-ecolóxicas. A segunda baséase en catro mostras de parellas de escenarios ou accións relacionadas co impacto do ser humano no medio ambiente, para que os suxeitos indiquen as súas preferencias e comprobemos así se manifestan interese polo seu coidado ou non. Por último, a terceira sección constitúe de novo unha escala de cualificación de tipo Likert, presentada como un “termómetro da preocupación” polo medio ambiente, con catro ítems e catro opcións de resposta: *non me preocupa* (0), *preocúpame un pouco* (1), *preocúpame bastante* (2) e *preocúpame moito* (3).

Táboa 2.

Cuestionario sobre comportamentos e actitudes proambientais do alumnado

Ítems	Opcións de resposta			
C1. Miro libros, documentais, películas, etc. sobre o medio ambiente (natureza, árbores, animais).	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C2. Falo coa miña familia ou con amigos e amigas sobre a natureza.	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C3. Regaño a persoas da miña familia e a amigos e amigas cando fan algo que dana o medio ambiente, por exemplo tirar lixo ao chan.	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C4. Cando como ao aire libre, deixo logo todo limpo e recollido igual que estaba cando eu cheguei.	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C5. Separo o lixo.	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C6. Busco maneiras de reusar cousas: bolsas, caixas de cartón, botellas...	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C7. Cando son a última persoa en saír dunha habitación, apago a luz.	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
C8. Pecho a auga mentres lavo os dentes.	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
A1. Ti que pensas?	As plantas e o resto dos animais teñen o mesmo dereito a vivir que nós.		As persoas temos o dereito de usar todos os recursos naturais que queiramos para nós.	
A2. Ti que prefires?	Xogar ao aire libre.		Xogar á consola ou co ordenador dentro de casa.	

A3. Ti que prefires?	Usar os folios de papel por unha soa cara.		Usar os folios de papel polas dúas caras.	
A4. Ti que prefires?	Ducharse para aforrar auga.		Bañarse.	
A5. A contaminación da auga do meu entorno (por exemplo, na Ría do Burgo).	Non me preocupa	Preocúpame un pouco	Preocúpame bastante	Preocúpame moito
A6. A extinción de especies en Galicia (200 plantas e animais).	Non me preocupa	Preocúpame un pouco	Preocúpame bastante	Preocúpame moito
A7. A cantidade de lixo que producimos (486 quilogramos ao ano cada persoa en España, máis ou menos).	Non me preocupa	Preocúpame un pouco	Preocúpame bastante	Preocúpame moito
A8. Os incendios nas nosas fragas.	Non me preocupa	Preocúpame un pouco	Preocúpame bastante	Preocúpame moito

Os ítems e as ideas para o deseño das seccións desta enquisa foron extraídos de diferentes estudos, combinados e adaptados á idade dos/as participantes, así como aos obxectivos da presente investigación. Seleccionáronse, especificamente, da versión española da escala de Comportamento Ecolóxico para Nenos (Collado et al., 2015, pp. 82-84) –que consiste nunha adaptación da escala de Comportamento Pro-Ecolóxico Xeral de Kaiser (1998)-; das escalas de Comportamento Conservacionista de De Young (1991, p. 220); e das escalas de Comportamento Pro-ecolóxico de Evans et al. (2007, pp. 642-647), de Corraliza et al. (2013, p. 4) e de Collado e Evans (2019, pp. 24-25). O instrumento está deseñado coa ferramenta Formularios de Google -Google Forms- para poder ser enviado e realizado en liña; adminístrase por correo electrónico e realízase de maneira anónima asistindo á aula de informática da escola por pequenos grupos. Grazas ao seu formato en liña, as respostas de cada participante quedan rexistradas inmediatamente cando este/a remata. Cabe mencionar que os/as participantes non saben da conexión deste cuestionario coa presente investigación.

Análise de Datos

Para realizar unha óptima análise dos datos recollidos nesta investigación, examinamos os resultados de cada ferramenta utilizada para a obtención de información de maneira individual, de forma que podamos levar a cabo unha descrición o máis minuciosa posíbel deles. Isto facilita, a continuación, a elaboración dunha comparanza entre toda a información extraída e, finalmente, a obtención de conclusións relevantes.

Diario de Campo

A partir da información recollida no diario de campo, podemos observar, fundamentalmente, o importante progreso do alumnado durante a posta en práctica do proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura* en relación a distintos aspectos.

Como comentamos anteriormente na descrición do dito proxecto (ver “Proxecto de Aprendizaxe”), as actividades que o constitúen organizáronse en dúas liñas de traballo paralelas: unha centrada no estudo dos bosques e do seu coidado desde diferentes áreas de coñecemento mais outra baseada na lectura propiamente. Verbo da primeira, apréciase unha aprendizaxe significativa para o alumnado a respecto da temática medioambiental tratada; en xeral, todos e todas participaron con gran motivación e interese nas tarefas -actividades como a excursión inicial á Fraga do Rei, as “Entrevistas ecoliterarias” e a “Fábrica de papel reciclado”, sobre todo, emocionaron ao grupo-, así como adquiriron novos coñecementos a través delas. A actividade final de resumo e reflexión “Artigo de opinión: Os bosques en perigo” -na cal debían anotar os principais problemas que sofren os bosques, accións das persoas para coidalos e a súa opinión sobre esta situación- levouse a cabo á volta das vacacións de Nadal e amosou que os/as estudantes recordaban amplas ideas sobre o tema: todos/as sinalaron os incendios, a contaminación do lixo e as talas, máis da metade comentaron tamén a extinción de especies e o gasto de papel, e mesmo houbo quen lembrou as ameazas das construcións e das especies invasoras. Trátase, basicamente, de contidos traballados nas actividades “Resolución de problemas de ecologistas” e “La Voz de la Fraga”, desenvolvidas practicamente dous meses antes.

Mentres tanto, no tocante á liña literaria, contamos con múltiples datos positivos que comentar. Atendendo ao gusto pola lectura, vemos que nas “Horas de lectura” se percibiu un claro aumento a partir, sobre todo, da quinta sesión, é dicir, tras un mes levándoas a cabo; os libros seleccionados resultaron un éxito –segundo confirman as puntuacións que o propio alumnado lles outorgou nas súas valoracións-, cada semana había novos/as lectores/as que se animaban a saír ler en voz alta para o blog e, quizais o máis importante, a lectura comezou a terse cada vez máis en conta nos momentos de xogo libre. Rexístranse varios casos concretos de alumnos/as cuxo incremento do gusto pola lectura resultou rechamante; por exemplo, dous nenos aos que non lles gustaba nada ler confesaron que lles encantaran os libros que escolleran e un alumno “pouco amigo de traballar” leu o libro máis denso das “ecolecturas” por elección súa. Así mesmo, cómpre destacar que, en xeral, acostumáronse á realización das fichas de comprensión lectora e valoración persoal en lingua galega, de tal forma que cando escollían un dos escasos libros escritos en castelán, a pesar de recibir a súa correspondente

ficha na mesma lingua, varios/as nenos/as respondían en galego; así, obsérvanse melloras na competencia comunicativa do alumnado nesta lingua, cando menos a nivel de expresión escrita, e sobre todo un cambio actitudinal moi positivo de cara ao uso do noso idioma. Canto á competencia lectora, destaca o caso dunha nena que pasou de silabar a ler enteiras case todas as palabras en apenas unhas semanas, así como a reflexión xeneralizada que os/as alumnos/as realizaron sobre a súa propia aprendizaxe, recoñecendo os seus niveis competencias e o seu progreso –aspecto observado tanto nas “Horas de lectura”, no momento da escolla dos libros, como nos “Premios Goya de Literatura”, onde o alumnado adiviñou para quen eran certos diplomas antes de anunciar os nomes-.

Por outra banda, en referencia a aspectos que mellorar, apúntase a necesidade dunha mellor adaptación aos tempos do alumnado, quizais cunha maior flexibilidade nas tarefas para a súa adecuación aos distintos ritmos de traballo.

Entrevista á Titora

A entrevista realizada á titora deste grupo de alumnado (ver Anexo D) proporciónanos información significativa acerca da súa perspectiva canto á consecución dos catro obxectivos do proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura*. En xeral, considera que a organización do proxecto foi adecuada e que os resultados foron positivos, pois houbo importantes progresos no alumnado en diferentes aspectos actitudinais, competenciais e cognitivos.

Por unha banda, grazas ás dinámicas relacionadas coa actividade lectora, a docente percibiu un aumento significativo do gusto pola lectura –afirmando que moitos/as nenos/as agora optan por ler nos momentos de xogo libre-, así como unha evolución na competencia lectora –apuntando, concretamente, “tanto na mecánica como na velocidade”-. Ademais, sinala a tendencia xeral actual do alumnado a escribir fichas de comprensión lectora en lingua galega, sen importar que estas estean nese idioma ou en castelán. Porén, recoñece que aínda é necesario traballar a fondo a súa competencia comunicativa en galego, especialmente canto a expresión oral.

Por outra parte, en relación á educación medioambiental, a profesora-titora indica que apreciou a integración de certos coñecementos mais comportamentos no estudantado, se ben no gasto de papel na aula as melloras observadas aínda non son suficientes. Así mesmo, comenta que o uso das tecnoloxías axudou a nivel motivacional e que estas funcionaron adecuadamente como recursos de empoderamento e, sobre todo, participación (TEP): houbo familias satisfeitas co acceso a tan ampla información sobre as actividades desenvolvidas na escola polos seus nenos e as súas nenas.

Grupos de Discusión co Alumnado

Os grupos de discusión levados a cabo co alumnado (ver Anexo E) permítennos coñecer a percepción que este posúe verbo do seu propio proceso de aprendizaxe no desenvolvemento do proxecto *Club de Ecoliteratura*.

Nestas entrevistas, comezamos comentando as aprendizaxes en materia medioambiental. Catro meses despois de rematar o proxecto, seguen a recordar os problemas que estudamos sobre os bosques –talas, incendios, contaminación do lixo e especies en perigo-, así como medidas para axudar á súa conservación –plantar, reciclar papel e separar o lixo-; mesmo lembran cal é a zona verde máis extensa do planeta –“a Amazonia”-. Ademais, explican como aproveitan mellor agora os folios de papel, tanto na casa como na escola, e varios/as alumnos/as contan que na casa evitaron –ou intentaron evitar- que alguén da familia cortase algunha árbore.

Así e todo, a información máis destacada xorde ao conversar sobre as “Horas de lectura”. Todo o alumnado comenta que a actividade lle gustou salvo unha nena –aínda que resulta algo contradictorio porque foi unha das que saíu ler voluntariamente en máis ocasións-; agradou, sobre todo, poder escoller libremente os libros. Ademais, en xeral, afirman que aumentou o seu gusto pola lectura –máis aínda a quen xa lle gustaba e de cero a quen antes non-; destacan concretamente os comentarios dun neno que sinala que a actividade lle gustou “porque agora me gusta leer, simplemente”, e máis tarde engade: “yo antes no leía ni una letra, no me gustaba leer, ahora sí”. Así mesmo, os/as estudantes son conscientes do seu propio progreso na competencia lectora e iso motívaos a seguir aumentando o seu hábito lector mais a ler libros cada vez máis longos. A este respecto, unha alumna comenta: “noto moito pero moito que cada vez vamos avanzando máis en ler, y que cada vez cogemos libros máis largos porque cuanto máis rápido leas tienes más confianza y todo”.

De seguido, o alumnado comparte as súas percepcións verbo dos seus avances na competencia comunicativa en lingua galega. En conxunto, apréciase un maior gusto pola lectura en galego e maior facilidade; danse de conta das súas melloras –en expresión oral e escrita mais en comprensión escrita, segundo indican- e mesmo nestas conversas nótase o esforzo de moitos/as nenos/as por intentar falar en lingua galega. De feito, destaca o caso dun alumno con Asperger ao que lle custa especialmente este idioma, polo que sempre está a comentar que o detesta, mais aquí na discusión intenta intervir nel sen terllo solicitado –“máis ou menos me gustan os libros e sobre todo os cómics que tienen mucha letra y que dan risa”-. Tamén cabe resaltar o detallado comentario dunha nena acerca desta cuestión: “Eu notei que aparte de falar mellor en galego, entendía mellor en galego e leía mellor en galego. E iso

doume avances a poder ler moitos libros que a min me gustaban, pero que eran en galego e como eu non sabía ler moi ben en galego pois non os leía. E cando fixemos ese proxecto sentín que xa podía ler eses libros que a min tanto me gustaban porque xa sabía escribir e ler en galego”.

Canto ao uso das tecnoloxías na aula como recursos educativos, todo o alumnado coincide mostrando ilusión e motivación polo emprego destas ferramentas, sobre todo da plataforma Youtube –utilizada para publicar o videoconto-.


Escala de Cualificación para a Avaliación do Proxecto polo Alumnado

A escala de cualificación descritiva mediante a cal o alumnado avaliou o proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura* (ver Anexo C e Anexo F) mostra uns resultados notábeis. Con todo, debemos apuntar desde un inicio que unicamente 16 nenos e nenas, dos/as 22 que forman o grupo-clase, puideron participar nesta tarefa.

Agora ben, para analizar os datos, en primeiro lugar, segundo as puntuacións que cada alumno/a proporcionou a todo o proxecto, observamos a continuación o Gráfico 1, onde se amosan tanto os resultados das súas respostas individuais na escala de cualificación como a media do conxunto –valorados/a sobre 10 puntos-. Así, comprobamos que a nota media coa que o alumnado avalía este proxecto é dun 8,6 sobre 10, sendo un 6,3 sobre 10 a nota mínima e un 10 sobre 10 a nota máxima; distinguimos, en total, catro cualificacións aceptábeis, outras catro notábeis e oito sobresaíntes –das cales catro contan coa máxima puntuación-.

Gráfico 1.


Avaliación do proxecto por parte do alumnado



Para afondar nestas valoracións, examinamos a continuación as puntuacións outorgadas a cada ítem no Gráfico 2. Deste modo, encontramos que o criterio de avaliación mellor valorado é “Co proxecto coñecín problemas que sofren os bosques”, con 9’58 sobre 10, seguido de “As actividades do proxecto parecerónme divertidas” e “Co proxecto aprendín accións para protexer os bosques”, ambos con 9’17 sobre 10. Mentres tanto, a puntuación máis baixa é obtida polo criterio “Co proxecto utilizamos tecnoloxías”, con 7’29 sobre 10. En resumo, o alumnado considera que os obxectivos do proxecto foron acadados de maneira notábel ou mesmo sobresaínte.

Gráfico 2.

Cualificacións do alumnado para cada criterio de avaliación



Ademais, no último ítem, onde se debía indicar a actividade favorita, achamos que “A fábrica de papel reciclado” foi a experiencia preferida -con cinco votos-, seguida das “Horas de lectura” -con catro votos- e da “Excursión á Fraga do Rei” -con tres votos-; tamén houbo dous/dúas nenos/as que escolleron “Resolución de problemas de ecologistas”, mentres que as actividades “La Voz de la Fraga” e a visualización do filme O Bosque Animado recibiron un voto cada unha.


Cuestionario sobre Comportamentos e Actitudes Proambientais no Alumnado

Os datos recollidos no cuestionario realizado polo alumnado para a medida das súas actitudes e dos seus comportamentos proambientais (ver Anexo G) parecen indicar que os/as nenos/as están en xeral concienciados/as da importancia do respecto e do coidado do medio ambiente. Coa participación de 17 estudantes dos/as 22 que conforman o grupo-clase, a media de comportamentos e de actitudes pro-ecolóxicas resultante é de 35,7 puntos sobre 44,

é dicir, dun 8,11 sobre 10. Primeiramente, analizamos as puntuacións que cada alumno/a obtivo tanto en actitudes –Gráfico 3- como en comportamentos –Gráfico 4- proambientais de forma individual. Así, comezamos sinalando que todos/as “aproban” en ambas as figuras.

Gráfico 3.


Actitudes proambientais no alumnado



En relación ás actitudes, cabe destacar que cinco estudantes obteñen as máximas puntuacións posíbeis –sendo a dita cualificación a moda dese gráfico- e unicamente tres participantes encóntranse varios puntos por debaixo da media, a cal se sitúa nun 16,9 sobre 20 –é dicir, un 8,45 sobre 10-.

Gráfico 4.

Comportamentos proambientais no alumnado




Mentres tanto, atendendo aos comportamentos, observamos que a media dos datos recollidos corresponde a un 18,8 sobre 24 –isto é, un 7,83 sobre 10-, sendo lixeiramente inferior que nas actitudes, e contamos con dúas modas, 19 e 20 puntos. Cómpre apuntar que os suxeitos F e P coinciden coas mellores puntuacións en ambos os gráficos, mentres que o suxeito Q obtén a puntuación máis baixa en ambas as figuras; habería que estudar o caso deste/a alumno/a e reforzar as aprendizaxes con el/a.

Por outra banda, organizamos tamén os resultados deste cuestionario por ítems co fin de examinar en que grao as diferentes actitudes e os comportamentos pro-ecolóxicos son adoptadas/os e, deste modo, comprobamos que hai algunhas/úns claramente máis asentadas/os que outras/os. No Gráfico 5, distinguimos dous grupos separados de ítems relacionados coas actitudes, pois corresponden a dúas seccións distintas do cuestionario (ver “Enquisas ao Alumnado”): os catro primeiros podían alcanzar unha puntuación máxima de 34 puntos, mentres que os catro seguintes podían elevarse até os 51 puntos. Tendo en conta estes datos, cabe destacar primeiramente que o ítem A1 é o único onde todo o alumnado marcou a mesma resposta –logrando unha puntuación de 34 sobre 34-, mais trátase dunha idea importante dentro das actitudes proambientais, pois supón a base do ecocentrismo: “As plantas e o resto dos animais teñen o mesmo dereito a vivir que nós”. Así mesmo, os catro ítems -A5, A6, A7 e A8- que corresponden á sección do “termómetro da preocupación” amosan cifras elevadas, practicamente rozando a puntuación máxima.

Gráfico 5.

Ítems sobre actitudes proambientais




Pola contra, no ítem A4 o grupo-clase non logra sequer alcanzar a metade da puntuación; nove dos/as 17 nenos/as prefiren a opción “Bañarse” que “Ducharse para aforrar auga”. Así mesmo, aínda que os ítems A2 e A3 amosan mellores puntuacións, estas son bastante mellorábeis; mostran a necesidade de fomentar máis “Xogar ao aire libre” fronte a “Xogar á consola ou co ordenador dentro de casa” e, sobre todo, continuar traballando o aforro de papel cunha acción tan sinxela como “Usar os folios de papel polas dúas caras” en lugar de “Usar os folios de papel por unha soa cara”.

Canto aos ítems referidos aos comportamentos proambientais, podemos observar no Gráfico 6 as súas puntuacións, valoradas sobre 51 puntos. Destaca, en primeiro lugar, con case os máximos puntos, o ítem C4 -“Cando como ao aire libre, deixo logo todo limpo e recollido igual que estaba cando eu cheguei”-, seguido do C7 -“Cando son a última persoa en saír dunha habitación, apago a luz”- e, a continuación, do C8 -“Pecho a auga mentres lavo os dentes”. Pola contra, “Falo coa miña familia ou con amigos e amigas sobre a natureza” -ítem C2- obtén a puntuación máis baixa, rozando o aprobado, e as cifras de “Miro libros, documentais, películas, etc. sobre o medio ambiente (natureza, árbores, animais)” -ítem 1- e “Busco maneiras de reusar cousas: bolsas, caixas de cartón, botellas...” -ítem 6- tampouco son demasiado elevadas. Con todo, os resultados verbo dos comportamentos proambientais no alumnado, en conxunto, son notábeis, tal e como mostra a súa media con 39,9 sobre 51 puntos -é dicir, 7,82 sobre 10-.

Gráfico 6.

Ítems sobre comportamentos proambientais



Discusión dos Datos

En base á información reunida na presenta investigación a respecto do desenvolvemento do proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura*, é preciso sinalar, antes que nada, o éxito da súa posta en práctica entre o alumnado, pois este considera que as actividades lle resultaron divertidas –valorando este aspecto cunha puntuación de 9,17 sobre 10 na escala de cualificación para a avaliación do proxecto-; este dato é realmente importante, porque para que exista unha aprendizaxe significativa necesitamos que os/as estudantes gocen aprendendo. Ademais, apréciase a súa preferencia por varias tarefas mais experiencias, destacando, precisamente, aquelas onde se aprendeu “facendo”, onde eles/as foron protagonistas e onde contaban co poder de tomar decisións: “A fábrica de papel”, as “Horas de lectura” e a “Excursión á Fraga do Rei”.

Así mesmo, aínda que podería mellorarse a adaptación aos ritmos de traballo do alumnado planificando o seu desenvolvemento con maior flexibilidade nos tempos –tal e como se apuntou no diario de campo-, a titora do grupo-clase estima que o proxecto contou cunha adecuada organización e cuns resultados positivos no alumnado -tanto na adquisición de actitudes e de coñecementos como no progreso dalgunhas competencias- e os/as propios/as nenos/as avalían a consecución dos obxectivos cunha puntuación media notábel próxima ao sobresaínte.

En relación á metodoloxía proposta para o traballo da educación literaria, cómpre resaltar en primeiro lugar o triunfo da actividade “Horas de lectura”, cuxos puntos fortes son o éxito das obras seleccionadas –confirmado coas valoracións do alumnado nas fichas correspondentes- e a liberdade para a escolla dos libros á hora de ler –segundo sinala o propio estudantado nas discusións-. A consecución do obxectivo que buscaba o fomento do gusto pola lectura e do hábito lector semella terse logrado cumpridamente, pois percibiuse desde todas as perspectivas –como indican a investigadora no diario de campo, a titora na entrevista e o alumnado nos grupos de discusión- e a través de distintos acontecementos na aula; por exemplo, cada semana había novos/as nenos/as nas lecturas voluntarias para o blog, rexistráronse casos concretos destacábeis e, sobre todo, sobresaí o feito de que a lectura estivera cada vez máis presente nos momentos de xogo libre.

Canto ao progreso do alumnado a nivel competencial, é preciso comezar destacando a mellora da súa competencia lectora xeral, sobresaíndo algúns casos concretos –apuntados no diario- e as observacións da titora, quen advertiu unha evolución “tanto na mecánica como na velocidade”. Ademais, resulta importantísimo que o alumnado reflexionara sobre a propia aprendizaxe, recoñecendo os seus niveis de competencia e o seu progreso, o cal pode

permitirlle mellorar tamén a súa competencia de aprender a aprender. Así mesmo, atendendo á competencia comunicativa en lingua galega, especificamente, o dato máis destacado –recollido tanto no diario de campo como na entrevista á titora- é a asociación automática que os/as nenos/as, de maneira inconsciente, estableceron entre a realización de fichas de comprensión lectora e valoración persoal mais o emprego da lingua galega, á marxe do idioma en que estivera escrito este material. Así, nótase un progreso a nivel de expresión escrita e, quizais o aspecto máis significativo, un cambio considerábel na súa actitude de cara ao uso da nosa lingua; de feito, o logro do fomento do gusto pola lectura ten un mérito especial en tanto que, se até o momento non gustaba demasiado ler, en xeral, aínda menos en galego, mais 25 das 30 “ecolecturas” das que dispoñíamos estaban escritas nese idioma. Amais, o alumnado comentou a súa propia percepción de melloras tanto na expresión escrita e oral como na comprensión escrita, sinalando maior gusto e facilidade actualmente polo uso da lingua galega –habendo casos concretos moi rechamantes-; con todo, a titora considera que a nivel de expresión oral aínda é necesario traballar fondamente.

Por outra banda, a respecto dos contidos do proxecto relacionados coa educación medioambiental, cabe destacar primeiro de todo a gran motivación e o interese que os/as estudantes mostraron por esta temática á hora de participar nas actividades. Ademais, tanto a titora como o propio alumnado recoñecen a integración de coñecementos medioambientais e de comportamentos pro-ecolóxicos; de feito, os dous ítems referentes a estas cuestións na escala de cualificación para a avaliación do proxecto polos/as nenos/as son xustamente os que posúen as mellores puntuacións –cun 9,58 e un 9,17 sobre 10, respectivamente-.


Verbo dos coñecementos, poderíamos afirmar que se conseguiu unha aprendizaxe significativa, pois o alumnado interiorizounos: a mediados de xaneiro recordaban contidos traballados en actividades que se realizaran dous meses antes sobre problemas sufridos polos bosques e, catro meses despois da finalización do proxecto, seguen a lembrar tanto esa información como accións para axudar á súa conservación ou o nome dalgún bosque estudado.

Canto ás actitudes e aos comportamentos proambientais adquiridos, apréciase en conxunto unha relevante concienciación sobre o respecto polo medio ambiente e a protección das árbores, comprobada tanto na discusión co alumnado como no cuestionario que este realizou, onde o grupo acadou unha valoración de 8,11 sobre 10. Por suposto, hai condutas claramente máis asentadas que outras; por exemplo, a necesidade de continuar traballando o aforro de papel sinálase tanto pola titora como no cuestionario, a pesar de que os/as nenos/as recoñecen ter avanzado xa nese proceder, e falar coa familia ou coas amizades da natureza

tampouco é aínda unha acción que realicen demasiado. Estes datos coinciden cos recollidos no estudo de Collado et al. (2015), quen explica: “others [behaviors], like talking to parents about nature, require the child to be, overall, more pro-environmental”¹⁰ (p. 86). Así e todo, os resultados son realmente positivos, pois en maior ou menor medida, todo o alumnado conta cuns mínimos valores e cunha conduta respectuosos/a co medio ambiente. De feito, é preciso sinalar que o cuestionario foi administrado non só a este grupo de 2º curso, senón tamén ao alumnado que cursa 4º e 6º de educación primaria no CEIP Emilio González López.

Gráfico 7.

Actitudes e comportamentos proambientais en 2º, 4º e 6º curso de EP



Como pode observarse no Gráfico 7, son os/as nosos/as estudantes de 2º curso aqueles/as que presentan a puntuación máis alta en comportamentos proambientais, mentres que nas actitudes contan coa segunda cualificación máis alta –se ben é practicamente a mesma que a do alumnado de 4º curso-. En conxunto, os nenos e as nenas de 6º curso mostran a mellor media na suma dos seus comportamentos e das súas actitudes –con 36,25 puntos sobre 44-, quizais porque a medida que se medra e que se avanza de curso, accédese a unha maior información. Estes datos coinciden coas reflexións de Evans et al. (2007, p. 656) e os resultados de Corraliza et al. (2013), quen explica:

The current data show that older children tend to have a more ecocentric worldview than their younger counterparts. This finding upholds our third hypothesis and reinforces what Evans et al. (2007) reported, that between 6-8 years-old and 11 years-old, children gradually shift from a more anthropocentric worldview to considering human beings’ impact on the environment.¹¹ (p. 5)

Tendo en conta esta información, o estudantado de 4º curso debería ter obtido unha puntuación total superior ao grupo de 2º, mais como xa indicamos, este último suma 35,72

puntos sobre 44 e os/as nenos/as de 4º quedan cunha media de 34,63 puntos –é dicir, máis dun punto por debaixo-. Polo tanto, é probábel que o desenvolvemento do proxecto *Club de Ecoliteratura* teña influído positivamente nos resultados do noso grupo de 2º curso.

Por último, en referencia ao obxectivo de introducir o uso de tecnoloxías, confírmase a axuda destas a nivel motivacional –aspecto sinalado tanto pola titora como polo alumnado-, así como o seu adecuado funcionamento como tecnoloxías de empoderamento e participación (TEP), pois segundo a titora, houbo satisfacción nas familias ao sentírense parte do proxecto. Canto á avaliación por parte do alumnado acerca do grao de introdución destes recursos na aula, debemos indicar que este ítem foi valorado cun 7,29 sobre 10, polo que o obxectivo parece ter sido acadado de maneira notábel; con todo, é a peor puntuación da escala de cualificación, polo que podería mellorarse.

En resumo, logrouse a consecución dos catro obxectivos xerais do proxecto de aprendizaxe *Club de Ecoliteratura* mediante unha aprendizaxe significativa que agradou ao alumnado ao tempo que producía nel un progreso relevante en distintos aspectos cognitivos, sociais e cívicos. A pesar de certos matices que poderían ser mellorados, os resultados do seu desenvolvemento resultaron moi positivos e importantes para o seu crecemento tanto a nivel académico como persoal.

Conclusiones

A Organización de Nacións Unidas (2015) realiza na súa *Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible* a seguinte descrición da grave situación medioambiental que atravesamos o noso planeta na actualidade:

El agotamiento de los recursos naturales y los efectos negativos de la degradación del medio ambiente, incluidas la desertificación, la sequía, la degradación de las tierras, la escasez de agua dulce y la pérdida de biodiversidad, aumentan y exacerban las dificultades a que se enfrenta la humanidad. El cambio climático es uno de los mayores retos de nuestra época y sus efectos adversos menoscaban la capacidad de todos los países para alcanzar el desarrollo sostenible. La subida de la temperatura global, la elevación del nivel del mar, la acidificación de los océanos y otros efectos del cambio climático están afectando gravemente a las zonas costeras y los países costeros de baja altitud, incluidos numerosos países menos adelantados y pequeños Estados insulares en desarrollo. Peligra la supervivencia de muchas sociedades y de los sistemas de sostén biológico del planeta. (pp. 5-6)

Resulta non só positivo, senón necesario e urgente, que toda a sociedade mundial se conciencie e se comprometa á adopción dun modo de vida sustentábel, co fin de deter a destrución do medio ambiente e de contribuír á súa recuperación. Porén, para lograr realmente este obxectivo, é preciso un importante cambio de mentalidade; na anterior explicación pode apreciarse unha visión claramente antropocéntrica do problema, pois o que

preocupa da destrución do planeta son os graves efectos negativos que ocasiona aos seres humanos, mais non ao resto de seres vivos. Ante esta perspectiva, urxe a extensión do ecocentrismo, isto é, dun enfoque que considere, como explica a teórica política Robyn Eckersley, “the question of our proper place in the rest of nature as logically prior to the question of what are the most appropriate social and political arrangements for human communities”¹² (Buell, 1996, p. 425).

Para levar a cabo esta transformación na mentalidade da sociedade, resulta necesaria a súa alfabetización ambiental a través da educación, así como o desenvolvemento desde o dito ámbito doutras estratexias que permitan formar unha cidadanía máis reflexiva e crítica. Un posíbel método efectivo para a potenciación do pensamento crítico é o seu traballo desde a educación literaria e, máis concretamente, desde a competencia lecto-literaria, mediante lecturas persoais, autónomas, interpretativas e reflexivas (Mendoza, 2006).

Pero é que ademais, hoxe en día, preséntasenos unha oportunidade única para traballar de maneira interdisciplinar a educación literaria mais a medioambiental, grazas ao recente auxe internacional dunha nova corrente literaria: a ecoliteratura. Se ben desde un punto de vista teórico estamos a nos referir a unha materia aínda en proceso de formación, con diversos debates en torno á súa terminoloxía mais estudos ao seu respecto aínda escasos, parece existir un crecente interese por este tipo de literatura e resulta obvio o seu potencial. En España, a ecoliteratura en si existe –aínda que se descoñeza ese termo e as obras sexan etiquetadas con outras expresións, como “literatura medioambiental” ou “literatura da natureza”-, tal e como temos comentado, mais os estudos teóricos enfocados nela son mínimos e, especificamente en Galicia, nulos. Cómpre, polo tanto, a súa divulgación mais, sobre todo, o impulso de investigacións teóricas que clarifiquen a súa definición, determinen o seu grao de presenza na nosa literatura, establezan un corpo de escritores/as e permitan coñecer as súas múltiples aplicacións –con atención especial ao ámbito educativo-, entre outras cuestións.

A presente investigación pretende ser unha pequena mostra das novas posibilidades que a introdución da ecoliteratura nas aulas de educación primaria ofrece de cara ao traballo tanto da educación medioambiental como da educación literaria, e mesmo doutras áreas de coñecemento que poden –de feito, deberían- combinarse para unha aprendizaxe interdisciplinar. Os resultados positivos analizados neste estudo amosan diversos beneficios académicos, sociais e ambientais; resulta emocionante pensar en todo o que queda por descubrir.

Fontes Documentais

- Abrams, S. [Ateneu Barcelonès]. (23 de xaneiro de 2016). *Ecoliteratura a Catalunya* [Arquivo de vídeo]. Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=8LPrgNEJmRw&list=PLuKa0UkWvqHqbURXJ3EgxX0vjfll-avio&index=2&t=2667s>
- Almond, R. E. A., Grooten M. e Petersen, T. (Eds). (2020). *Living Planet Report 2020 - Bending the curve of biodiversity loss*. WWF. <https://f.hubspotusercontent20.net/hubfs/4783129/LPR/PDFs/ENGLISH-FULL.pdf>
- Armbruster, K. e Wallace, K. (2001). *Beyond Nature Writing: Expanding the Boundaries of Ecocriticism*. University of Virginia Press.
- Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega – AELG. (Outubro de 2019). *Antonio García Teijeiro*. <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/antonio-garcia-teijeiro>
- Association for the Study of Literature and Environment – ASLE (1994). *Defining Ecocritical Theory and Practice: Sixteen Position Papers from the 1994 Western Literature Association Meeting*. https://www.asle.org/wp-content/uploads/ASLE_Primer_DefiningEcocrit.pdf
- Bisquerra Alzina, R. (Coord.). (2019). *Metodología de la investigación educativa*. Arco/Libros-La Muralla.
- Borah, V. (2017). Ecocriticism – Understanding the relationship between nature and literature. *International Journal of English Language, Literature and Translation Studies (IJELR)*, 4 (2), 502-505. <http://www.ijelr.in/4.2.17a/502-505%20VIOLINA%20BORAH.pdf>
- Bradford, C., Mallan, K., Stephens, J. e McCallum, R. (2008). *Reweaving Nature and Culture: Reading Ecocritically. New World Orders in Contemporary Children's Literature: Utopian Transformations*, 79–104. Palgrave Macmillan. https://www.researchgate.net/publication/305231387_Reweaving_Nature_and_Culture_Reading_Ecocritically
- Branch, M. P. e Slovic, S. (2003). *The ISLE reader: ecocriticism 1993-2003*. University of Georgia Press.
- Buell, L. (1996). *The environmental imagination: Thoreau, nature writing, and the formation of American culture*. Harvard University Press.
- Campos F. Fígares, M. e García Rivera, G. (2017). Aproximación a la ecocrítica y la ecoliteratura: literatura juvenil clásica e imaginarios del agua. *Ocnos, Revista de*

- Estudios sobre lectura*, 16 (2), 95-106. Universidad de Castilla-La Mancha.
https://revista.uclm.es/index.php/ocnos/article/view/ocnos_2017.16.2.1511/pdf
- Cancela da Fonseca, L., Barbosa, J. L. e Guimarães, A. P. (2006). Natureza e Ambiente na Tradição Popular Portuguesa – o projecto Falas da Terra. *Literatura e Ambiente. II Encontro de Estudos sobre Ciências e Culturas*. Universidade Fernando Pessoa.
https://www.researchgate.net/publication/277312247_Natureza_e_Ambiente_na_Tradicao_Popular_Portuguesa_-_o_projecto_Falas_da_Terra
- CEIP Emilio González López (1998). *Proxecto Educativo do Centro*.
- CEIP Emilio González López (2020). *Programación Xeral Anual do CEIP Emilio González López, Curso 2020-2021*.
- Clark, T. (2011). *The Cambridge Introduction to Literature and the Environment*. Cambridge University Press.
- Collado, S. e Evans, G. W. (2019). Outcome expectancy: A key factor to understanding childhood exposure to nature and children's pro-environmental behavior. *Journal of Environmental Psychology*, 61, 30-36.
https://zaguan.unizar.es/record/86287/files/texto_completo.pdf
- Collado, S.; Corraliza, J. A.; Sorrel, M. A. e Evans, G. W. (2015). Spanish version of the Children's Ecological Behaviour (CEB) scale. *Psicothema*, 27(1), 82-87.
<http://www.psicothema.es/pdf/4239.pdf>
- Corraliza, J. A., Collado, S. e Bethelmy, L. (2013). Spanish version of the New Ecological Paradigm Scale for children. *Spanish Journal of Psychology*, 16, 1-8.
https://www.researchgate.net/publication/250307935_Spanish_Version_of_the_New_Ecological_Paradigm_Scale_for_Children/link/54aea3d00cf2b48e8ed4552d/download
- De Young, R. (1991). Some Psychological Aspects of Living Lightly: Desired Lifestyle Patterns and Conversation Behavior. *Journal of Environmental Systems*, 20(3), 215-227.
https://www.researchgate.net/profile/Raymond_De_Young/publication/250146123_Some_Psychological_Aspects_of_Living_Lightly_Desired_Lifestyle_Patterns_and_Conservation_Behavior/links/00b7d52c11fbca063e000000/Some-Psychological-Aspects-of-Living-Lightly-Desired-Lifestyle-Patterns-and-Conservation-Behavior.pdf
- Decreto 105 de 2014 [con forza de lei]. Polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. 9 de setembro de 2014. *Diario Oficial de Galicia*. No. 171. <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/13316>

- Dobrin, S. I. e Kidd, K. B. (2004). *Wild Things: Children's Culture and Ecocriticism*. Wayne State University Press.
- Evans, G.; Brauchle, G.; Haq, A.; Stecker, R.; Wong, K. e Shapiro, E. (2007). Young children's environmental attitudes and behaviors. *Environment and Behavior*, 39(5), 635-659.
<http://citeseerx.ist.psu.edu/viewdoc/download?doi=10.1.1.886.8338&rep=rep1&type=pdf>
- Flys Junquera, C., Marrero Henríquez, J. M., e Barella Vigal, J. (Eds.). (2010). *Ecocríticas: Literatura y medio ambiente*. Iberoamericana.
- Flys, Junquera C. (Coord.). (2010). The State of Ecocriticism in Europe: panel discussion. *Ecozono*, 1 (1), 108-122.
https://ebuah.uah.es/xmlui/bitstream/handle/10017/21237/state_Flys_ecozona_2010_N1.pdf;jsessionid=C7A650E726A4BBFD AFEC6220B31B45D2?sequence=1
- Glotfelty, C. e Fromm, H. (Eds.). (1996). *The ecocriticism reader: landmarks in literary ecology*. University of Georgia Press.
- Kaiser, F. G. (1998). A General Measure of Ecological Behavior. *Journal of Applied Social Psychology*, 28(5), 395-422.
https://www.researchgate.net/publication/227830047_A_General_Measure_of_Ecological_Behavior1
- Ley Orgánica 3 de 2020. Por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. 30 de diciembre de 2020. *Boletín Oficial del Estado*. No. 340.
https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-17264
- Love, G. (2003). *Practical Ecocriticism: Literature, Biology, and the Environment. Under the Sign of Nature: Explorations in Ecocriticism*. University of Virginia Press.
- Lucas Palacio, L. (2018). *La enseñanza del patrimonio y de la ciudadanía en las clases de ciencias sociales: un estudio de caso en ESO* [Tese de Doutoramento, Universidad de Huelva]. <http://rabida.uhu.es/dspace/handle/10272/15597>
- Malaver Rodríguez, R. (2001). La ecoliteratura de la selva en la novela latinoamericana: Un viejo que leía novelas de amor. *Folios*, 14. DCS-UPN, Departamento de Ciencias Sociales, Facultad de Humanidades, Universidad Pedagógica Nacional Colombia.
<http://biblioteca.clacso.edu.ar/gsd/cgi-bin/library.cgi?c=co/co-014&a=d&d=HASH01db742a02ad3ccfa9014a35.6>
- Mendoza Fillola, A. (Ed.). (2006). *Didáctica de la lengua y la literatura*. Pearson.

- Merriam, S. B. (1997). Case studies as Qualitative Research. En *Qualitative Research and Case Study Applications in Education: Revised and Expanded from Case study research in education*, 26-43. Jossey-Bass.
- Organización de Naciones Unidas – ONU (2015). *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible*.
https://www.un.org/ga/search/view_doc.asp?symbol=A/RES/70/1&Lang=S
- Pepe Carreiro. (16 de maio de 2021). En *Wikipedia*.
https://gl.wikipedia.org/wiki/Pepe_Carreiro
- Sandín, M. P. (2003). *Investigación Cualitativa en Educación: fundamentos y tradiciones*. McGraw-Hill.
- Sandoval Rey, A. (s.d.). *Antonio Sandoval Rey*. <http://antoniosandovalrey.weebly.com/>
- Schneider-Mayerson, M., Weik von Mossner, A. e Małecki, W. P. (2020). Empirical Ecocriticism: Environmental Texts and Empirical Methods. *ISLE: Interdisciplinary Studies in Literature and Environment*, 27 (2), 327–336.
<https://academic.oup.com/isle/article/27/2/327/5849158>
- Sociedade Galega do Medio Ambiente – SOGAMA. (25 de outubro de 2010). *Os Bolechas explican aos máis pequenos a actividade do Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda*. <http://www.sogama.gal/gl/noticia/os-bolechas-explican-aos-mais-pequenos-actividade-do-complexo-medioambiental-de-sogama-en-ce>
- Stake, R. E. (1998). *Investigación con estudio de casos*. Morata.
- Testa Garibaldo, M. R. [Congreso Panameño de Educación y Museos]. (28 de xaneiro de 2016). *Ecoliteratura: referente patrimonial* [Arquivo de vídeo]. Youtube.
<https://www.youtube.com/watch?v=nvYIRvpBWL&t=171s>

Notas

¹[A natureza está diminuindo a nivel mundial a un ritmo sen precedentes en millóns de anos. A forma en que producimos e consumimos alimentos e enerxía, e a descarada indiferenza polo medio ambiente arraigada no noso modelo económico actual, ten levado ao mundo natural aos seus límites. A COVID-19 é unha clara manifestación da nosa relación rota coa natureza. Destacou a fonda interconexión entre a natureza, a saúde e o benestar humanos, e como unha perda da biodiversidade sen precedentes ameaza a saúde tanto das persoas como do planeta] (Almond et al., 2020, p. 4).

²[Un dos temas importantes na escritura contemporánea sobre a natureza é como esta literatura tradúcese en cambios concretos nas actitudes dos lectores cara ao medio ambiente, e nun comportamento máis respectuoso co medio ambiente] (Glotfelty e Fromm, 1996, p. 364).

³[a análise de carácter científico e o estudo das interaccións entre organismos e compoñentes abióticos, e o seu ambiente ou contorna natural] (Abrams, 2016, 9m35s).

⁴[neste caso, estamos en presenza non da Ecoloxía, senón dunha ideoloxía, o «Ecoloxismo», o cal, a pesar de pretender fundamentarse nunha ciencia, constitúe xa un achegamento non científico á realidade] (Cancela et al., 2006, p. 152).

⁵[en poucas palabras, a ecocrítica é o estudo da relación entre a literatura e o entorno físico] (Glotfelty e Fromm, 1996, p. xviii).

⁶[O corpo de traballo emerxente que podería ser etiquetado como ecocrítico está unido non por unha teoría, senón por un enfoque: o medio ambiente. Este traballo ecocrítico recorre a unha variedade de teorías, como a feminista, a marxista, a pos-estruturalista, a psicoanalítica e a historicista. Empregando estas diferentes teorías, o ecocrítico considera como a natureza é reflectida e percibida nos textos literarios] (ASLE, 1994, p. 10).

⁷[en principio, «ecoliteratura» quere dicir a literatura que se produce desde un estado de conciencia da ecoloxía, de respecto pola natureza, de interacción coa natureza, de comprensión do sistema natural, etc.] (Abrams, 2016, 11m15s).

⁸[podemos pensar nela [alfabetización ambiental] como unha especie de cultura, con variacións locais e históricas, que requiren esforzos de estudo e adaptación] (Buell, 1996, p. 107).

⁹[destrución a gran escala de áreas silvestres virxes, como a destrución de áreas da selva amazónica, e as relacións ecolóxicas en comunidades de pequena escala -unha praia ou un estanque en contornas naturais, ou unha casa, unha rúa ou un suburbio en contornas urbanas] (Bradford et al., 2008, p. 93).

¹⁰[outros (comportamentos), como falar cos pais sobre a natureza, requiren que o/a neno/a sexa, en xeral, máis proambiental] (Collado et al., 2015, p. 86).

¹¹[Os datos actuais mostran que os/as nenos/as maiores tenden a ter unha visión máis ecocéntrica que os/as seus/súas compañeiros/as máis novos/as. Este achado ratifica a nosa terceira hipótese e reforza o que Evans et al. (2007) informa, que entre os 6-8 anos e os 11 anos, os/as nenos/as cambian gradualmente dunha visión máis antropocéntrica a considerar o impacto dos seres humanos no medio ambiente] (Corraliza et al., 2013, p. 5).

¹²[a cuestión do noso lugar apropiado no resto da natureza como algo lóxicamente anterior á cuestión de cales son os arranxos sociais e políticos máis apropiados para as comunidades humanas] (Buell, 1996, p. 425).

Anexos

Anexo A. Información sobre os Escritores Entrevistados

Antonio García Teijeiro

Nado en Vigo en 1952 (AELG, 2019), Antonio García Teijeiro é un dos máis destacábeis escritores galegos das últimas décadas, especialmente en literatura infantil e xuvenil. Compaxinando este labor coa súa profesión de mestre, ten creado unha amplísima bibliografía en diversos xéneros e cara a diferentes públicos.

Boa parte dos libros dirixidos aos/as lectores/as máis novos/as conta coa natureza como protagonista ou eixo das súas historias. Algúns exemplos dentro do xénero poético –favorito do autor- son *As catro estacións*, *Ventos*, *¡Ai, canto falan as pombas que falan!*, *Cando caen as follas*, *Poemar o mar*, etc. En narrativa, cómpre resaltar *A nena do parque* (2014), unha obra en que o escritor amplía o seu conto *Noa* (1989) para difundir amor e respecto pola natureza, tal e como nos explica na entrevista (ver Anexo B).

Antonio Sandoval

Nado na Coruña en 1967, Antonio Sandoval é “escritor, comunicador ambiental y ornitólogo” (Sandoval, s.d.); a súa paixón pola ornitoloxía mais a súa implicación no fomento da educación medioambiental guían practicamente toda a súa actividade profesional. En relación ao primeiro aspecto, podemos mencionar que foi vicepresidente da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO), así como coordinador do Grupo Ibérico de Aves Mariñas da Sociedad Española de Ornitología (GIAM-SEO). Mentres tanto, no ámbito ambientalista, salienta o seu antigo cargo como presidente do Grupo Naturalista Hábitat –unha asociación comprometida coa loita pola protección do patrimonio natural galego- mais o seu actual posto como director de *Vitamina N: Lecturas al natural* –colección de libros da editorial Kalandraka-.

A súa obra literaria, composta por sete libros actualmente, aparece etiquetada como “literatura de natureza” –“nature writing”- na propia páxina web do autor, onde pode consultarse (Sandoval, s.d.). Catro deses libros son de carácter divulgativo, relacionados coa súa profesión de ornitólogo -*Las islas Sisargas en 1948*, *Dos visitas ornitológicas*, *Cuándo ver aves en Galicia*, *Las aves marinas de Estaca de Bares*, e *¿Para qué sirven las aves?*-, mentres que os tres restantes son propiamente literarios: *BirdFlyway*, *A árbore da escola* e *A torre*. Entre estes últimos, destaca especialmente a obra *A árbore da escola* (2016), un álbum ilustrado que está dispoñíbel xa en cinco linguas: galego, castelán, catalán, éuscaro e portugués.

Pepe Carreiro

Nado en Vigo en 1954, Pepe Carreiro “é un humorista gráfico, debuxante e guionista de banda deseñada” (“Pepe Carreiro”, 2021). Ten traballado no ámbito publicitario e publicado en diversos xornais mais en revistas; de feito, fundou a revista de humor gráfico *Can sen Dono*, así como o seminario satírico *XO! A voz que para as bestas*.

A súa obra literaria é amplísima; conta con dous libros de humor gráfico para adultos –*Fraga na Galiza e Mellor que onte, pero mellor que mañán*–, mais sobre todo con diversos libros e series infantís, como *Os Barbanzóns*, *Os pequenos Barbanzóns*, *Os Formigón* e, sobre todo, *Os Bolechas*, os seus contos máis famosos. As temáticas son moi variadas, aínda que destacan os temas histórico mais medioambiental. A respecto deste último, dentro da serie *Os Bolechas*, sobresa a colección *Os Bolechas descubren a natureza*, así como outros libros destes personaxes sobre a natureza ou o coidado do medio ambiente, por exemplo *Os Bolechas. Os animais do bosque*, a colección *Os Bolechas van de viaxe* -onde visitan diversos lugares de Galicia, describindo diferentes paisaxes e ecosistemas do medio natural galego, como a Fraga de Cambre–, *Os Bolechas no río*, etc. Cabe mencionar unha colección de libros recente realizada en colaboración coa Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) para a campaña “Recuperándote cos Bolechas”, que busca explicar a xestión de residuos e, sobre todo, concienciar da nosa responsabilidade no correcto funcionamento dela:

Os Bolechas recordan en todo momento a necesidade de que a cidadanía colabore na xestión dos residuos urbanos a través do consumo responsable, a prevención, a redución na produción de lixo, a reutilización e a activa participación no sistema de recollida fraccionada, depositando cada tipoloxía de material no colector correspondente. Así mesmo, aluden ás posibilidades que trae consigo a compostaxe doméstica en determinadas áreas do medio rural galego mediante a fabricación de compost, [...] propiciando un importante aforro en custos ambientais, económicos e sociais. (SOGAMA, 2010)

Anexo B. Entrevistas aos Escritores

Entrevista a Antonio García Teijeiro

ENTREVISTADORA - Como nace “A nena do parque”? En que te inspiraches para crear esta historia?

GARCÍA TEIJEIRO - Nace en 1989 cando Noa, a miña filla, tiña cinco anos. Vía demasiadas cousas que non me gustaban e creei o conto *Noa*, que publicou Galaxia e foi traducida a todas as linguas do estado. O obxectivo era que os pequenos lectores e lectoras se fixasen na natureza e reflexionasen diante dos ataques que recibía. Pasado o tempo, e co libro xa descatalogado, decidín impulsar a idea ampliando o texto e certos personaxes da historia, mantendo, claro, a idea coa que fora concibido: amor e respecto pola natureza. Deste xeito naceu *A nena do parque*. Inspiración? No maltrato ambiental e o pouco respecto que había cando escribín o conto por vez primeira.

ENTREVISTADORA - Neste conto, tratas a problemática medioambiental. Por que esa temática? E por que literatura para transmitir esta mensaxe?

GARCÍA TEIJEIRO - Porque, aínda que se avanzou bastante, queda moito por facer, por concienciar. Hai comportamentos negativos que se repiten e non me gustan. Non se pode baixar os brazos. Debemos ser constantes na defensa da natureza. Ofrecenos moito e o equilibrio ambiental é unha necesidade. Os nenos e nenas len literatura nos seus diversos xéneros, se hai un bo mediador ou mediadora, e cando o fan con gusto quedan con moitos temas e detalles da obra lida. E sen adoutrinar nin presionalos, temos que darlles razóns para que reflexionen -e reflexionar con eles- e se vaian formando. Iso si, non debemos esquecer que son libros de literatura, non de divulgación.

ENTREVISTADORA - Coñeces algún caso concreto no que os teus libros lograsen achegar a nenos e nenas á natureza?

GARCÍA TEIJEIRO - O escritor raras veces chega a saber de verdade a influencia real que un dos seus libros pode exercer no lectorado. Mais pode intuilo polos encontros que realiza, as cartas que recibe, os comentarios diversos arredor da súa obra. Pero é consciente de que certa pegada vai quedar nos lectores e lectoras. Non é pequeno este compromiso. Debemos ser honestos sempre. E niso, na pegada, debemos incidir. Lectura aberta e sá.

ENTREVISTADORA - Consideras que a temática medioambiental nas literaturas tanto castelá como galega é ampla ou escasa?

GARCÍA TEIJEIRO - Non me gustan demasiado as etiquetas. O que si che podó dicir é que, tanto en galego coma en castelán, hai moita natureza nas obras, séntese viva e é raro que algún autor ou autora non o aborde de diferente modo. Hai un enorme amor polo medio

ambiente nos que nos dedicamos a escribir. Témolo moi presente. Hai un conto moi fermoso de Fernando Alonso no seu libro *El hombrecito de papel y otros cuentos* (hai edición galega en Kalandraka) que se chama “Los árboles de piedra”. Todo un exemplo do que veño dicindo.

ENTREVISTADORA - Consideras que o teu libro “A nena do parque” forma parte da ecoliteratura? Coñeces outros/as autores/as que escriban ecoliteratura e/ou algunha obra concreta que se enmarque nesta?

GARCÍA TEIJEIRO - Repito que fuxo das etiquetas. Coido que a literatura non pode estar tan compartimentada. Que me encanta a natureza e que, talvez por ser urbanita, a valoro máis. Disto non me cabe ningunha dúbida. Toda a miña obra ole a natureza: as árbores, os animais, as flores, o mar, as fragas... teñen vida propia nos meus relatos e nos meus poemas. Precisamente na poesía é unha característica que sobresaie moito. Hai un libro que me emociona e que debe ser coñecido e lido nas escolas: *A árbore da escola*, de Antonio Sandoval, ilustracións de Emilio Urberuaga e editado por Kalandraka. Unha árbore está no medio do patio da escola e a partir de aí ocorren feitos dignos de ser salientados. Unha delicia.

ENTREVISTADORA - A maior parte da túa obra está escrita en lingua galega. Débese simplemente a que é a túa lingua vehicular habitual ou buscas tamén o fomento do noso idioma a través dos teus libros?

GARCÍA TEIJEIRO - O galego pode perderse e coido que a literatura é un seguro de vida. Cun corpus literario de tan alto nivel e co galego na escola aínda podemos respirar. Pero hai que falalo. Temos que estar atentos e ser conscientes de que un idioma non é só palabras, senón que representa a un pobo, coas súas formas de vida, cos seus costumes, coa súa terra, en definitiva, un sentimento real. Eu fun educado en castelán e, ao pasar o tempo, decidín apostar por él. Sentínme mergullado no espírito do que é Galicia e o que ela representa na miña vida. Falar e escribir en galego converteuse nun obxectivo indestrutible. E aí sigo.

Entrevista a Antonio Sandoval

ENTREVISTADORA - Es ornitólogo e escritor. De onde nace o teu interese pola educación e pola literatura infantil e xuvenil?

ANTONIO SANDOVAL - Ven de hai moito tempo: desde moi pequeno gustoume ler e escribir, e as aves e a natureza. Cando empecei a colaborar con grupos ecoloxistas, alá polos anos 80, considerei moi necesario crear materiais de divulgación e concienciación. Moitos deles ían dirixidos á xente máis nova. Máis recentemente, o feito de ter un fillo vinculoume máis á literatura infantil. Aquí en casa temos a norma de ler e contar varias historias cada día!

ENTREVISTADORA - Como nace “A árbore da escola”? En que te inspiraches para crear esta historia?

ANTONIO SANDOVAL - As primeiras páxinas da historia son absolutamente reais. Os primeiros días de colexio en infantil o meu fillo Pedro chegaba a casa contando que o seu mellor amigo era unha árbore pequena que había no patio. Mesmo traía as folliñas secas que lle caían. Un día contounos á súa nai e a min que a profe lle dixera que non debía acariñala tanto... Esa mesma noite conteille por primeira vez este conto.

ENTREVISTADORA - O libro está dispoñíbel en varios idiomas. Como sentiches a súa acolla por parte de todo ese público infantil, en xeral?

ANTONIO SANDOVAL - Non hai público máis esixente e agradecido ao mesmo tempo, así que imaxina.

ENTREVISTADORA - Neste conto, tratas o amor pola natureza e a importancia do seu coidado. Por que esa temática? E por que literatura para transmitir esta mensaxe?

ANTONIO SANDOVAL - O conto vai sobre iso e tamén, un pouco, sobre o papel da desobediencia civil para cambiar algunhas cousas. Mesmo a conservación da rede de vida que sustenta á humanidade. A temática non foi elixida. Veu por si soa... A literatura, porque é unha das miñas ferramentas para compartir teimas, abraios, etc. E

ENTREVISTADORA - Coñeces algún caso concreto no que os teus libros ou as túas actividades lograsen achegar a nenos e nenas á natureza?

ANTONIO SANDOVAL - Por sorte, moitos. Hai tempo que non miro, pero buscando en internet aparecen por exemplo moitas actividades, en moitos colexios, relacionadas con este libro.

ENTREVISTADORA - Consideras que a temática medioambiental nas literaturas tanto castelá como galega é ampla ou escasa?

ANTONIO SANDOVAL - Se falamos de divulgación, hai bastantes materiais, algúns deles moi bos. Se falamos propiamente de literatura, de creación literaria, de darlle a mesma importancia ao texto en si que á “mensaxe” (chamémoslle así), a cousa redúcese moitísimo, a unhas poucas autoras e autores. De un tempo a esta parte, por sorte, varias editoriais están a traducir obras esenciais escritas fora, sobre todo en inglés. Pero aínda temos que reforzar aquí, en galego e castelán (e en éuscara, catalán...) a nosa propia tradición en torno a este tipo de literatura.

ENTREVISTADORA - Consideras que o teu libro “A árbore da escola” forma parte da ecoliteratura? Coñeces outros/as autores/as que escriban ecoliteratura e/ou algunha obra concreta que se enmarque nesta?

ANTONIO SANDOVAL - “A árbore da escola” seica pódese enmarcar en varios xéneros ao mesmo tempo... Un deles pode ser a ecoliteratura. Hai quen o ve como un conto de educación ambiental, e quen presta máis atención a outros aspectos da súa historia. Si: hai moitas obras extraordinarias de ecoliteratura / literatura de natureza / literatura ou como o queiramos chamar.

ENTREVISTADORA - Es un dos fundadores do Grupo Naturalista Hábitat. Como nace esta entidade?

ANTONIO SANDOVAL - Naceu a comezos dos anos 80 do pasado século como resposta á necesidade, por parte de xente moi nova, de coñecer mellor a biodiversidade galega. Sobre todo, de Coruña e arredores.

ENTREVISTADORA - Afírmase que ao longo da última década, o número de lectores e lectoras en España vai en aumento. Porén, máis dun 30% da poboación recoñece que non le, nin sequera por motivos de traballo ou estudos. Que opinas destes datos? Consideras que debería fomentarse máis o hábito lector ou que a lectura é simplemente unha actividade de ocio que non ten por que agradar a todo o mundo?

ANTONIO SANDOVAL - Penso que ler é algo fundamental, para todas as persoas. Por moitos motivos! Un deles é que é un desfrute enorme. Outro, que só unha boa historia, ou un bo poema, serven para comprender de verdade determinadas cousas. Ademais, penso que non hai como unha cidadanía lectora para comprender de xeito crítico a súa realidade (pensar no seu pasado e presente; imaxinar os seus futuros), e cambiar para mellor aquelas cousas que o precisen. Ler ou escoitar historias, versos e ideas é moito máis que unha forma de ocio: é un dos moitos xeitos de ser criaturas humanas. Un dos mellores!

Entrevista a Pepe Carreiro

ENTREVISTADORA - Todas as persoas que admiramos o teu traballo sabemos como naceron “Os Bolechas”, pero en concreto, como nace a colección “Os Bolechas descubren a natureza”?

PEPE CARREIRO - Levaba eu tempo pensando en combinar debuxo e foto, e cando se decidiu na editorial sacar esta colección, pareceume que podíamos probar. O obxectivo da colección era dar a coñecer os distintos hábitats de Galicia, pero para debuxar unha fraga, por exemplo, o estilo sintético dos Bolechas non vale, pois non permite distinguir con claridade un bidueiro dun salgueiro, por poñer un caso. A fotografía neste caso informaba mellor, aínda que as fotos coas que contabamos non eran nin moito menos as axeitadas.

ENTREVISTADORA - A natureza galega é un tema moi habitual nas túas obras, non só na colección mencionada, e nesas historias podemos encontrar unha clara mensaxe de

preocupación pola problemática medioambiental. Por que esa temática? E por que literatura para transmitir esta mensaxe?

PEPE CARREIRO - Non só pola natureza, Os Bolechas interésanse por todo. Quero dicir, que o meu obxectivo é primeiro divertir os lectores/as, segundo informalos de todo canto de interese haxa no mundo, que é todo, e terceiro facelo en lingua galega. Seguindo esta consigna, na Biblioteca Básica, por exemplo, expónse calquera tema, como nunha enciclopedia: o océano, o bosque, a fauna salvaxe, os animais domésticos, a historia, a música etc. etc. Naturalmente, a preocupación polo medio está sempre presente, como a igualdade entre persoas e outras condicións éticas fundamentais. Aínda que non pretendo facer “moralismo” cos meus libros, que, segundo a miña opinión, é contraproducente. Gústame que sexan os propios nenos/as quen descubran libremente o que deben facer, seguro que acertan. Eu trato de proporcionarlles materiais.

ENTREVISTADORA - A pesar de ser un magnífico debuxante, na colección “Os Bolechas descubren a natureza” optaches por incluír imaxes reais das paisaxes galegas que estás a tratar. Por que razón ou con que finalidade?

PEPE CARREIRO - Moitas grazas por considerarme bo debuxante. O de utilizar fotos nesta colección, creo que xa quedou contado anteriormente.

ENTREVISTADORA - Coñeces algún caso concreto no que os teus libros lograsen achegar a nenos e nenas á natureza?

PEPE CARREIRO - Sei de nenas e nenos que visitaron lugares que saen nos libros, concretamente vilas e cidades polas que viaxen os personaxes. De se visitaron hábitats concretos da colección sobre a natureza, non o sei.

ENTREVISTADORA - Consideras que a temática medioambiental nas literaturas tanto castelá como galega é ampla ou escasa?

ENTREVISTADORA - Consideras que os teus libros forman parte da ecoliteratura? Coñeces outros/as autores/as que escriban ecoliteratura e/ou algunha obra concreta que se enmarque nesta?

PEPE CARREIRO - Contéstoche aquí tamén a pregunta anterior. Primeiramente, eu nunca me considerei escritor nin nunca tiven o meu traballo por literatura. Na primeira pregunta, a de Luca, xa dixen cal é a miña función como escritor nos libros que fago. Eu escribo e debuxo, no caso dos libros infatís, para entreter, divertir, nenas e nenos, e tamén para divulgar coñecementos entre este público, para o que uso normalmente o humor, pois coido que é este un medio moi axeitado para comunicarme, con nenas/os e tamén con adultos. Ademais disto, eu non acredito moito na chamada literatura infantil, como non

acreditaría na pintura infantil ou na escultura infantil, se a alguén se lle dese por facer algo así.

ENTREVISTADORA - Nunha entrevista, comentaches que o principal obxectivo dos teus contos é entreter aos nenos e ás nenas, mais décheste de conta de que ademais estás a achegar a lingua galega a moitos/as deles/as. Comezaches a escribir na dita lingua simplemente porque era a túa lingua vehicular habitual ou xa buscabas desde un inicio conscientemente o fomento do noso idioma a través dos teus libros?

PEPE CARREIRO - Funme dando conta, segundo ía publicando libros, especialmente os dirixidos a primeiras e primeiros lectores, da responsabilidade que temos, os que traballamos para estas idades, no uso da lingua. Moitas nenas e nenos van coñecer por vez primeira nos nosos libros palabras que nunca oíran nin leran. Isto obríganos a coidar moito os textos e a procurar introducir léxico apropiado. Ás veces paréceme que uso palabras complicadas para estas idades, pero doume conta logo de que para as nenas e nenos pequenos todas as palabras son novas: tanto lles ten desaparafusador, que teixugo, que fervenza etc. etc. Por outra parte, os libros fan en moitísimas ocasión de pequeniños cabalos de Troia: introducen o galego mesmo en casas hostís á nosa lingua.

ENTREVISTADORA - Afírmase que ao longo da última década, o número de lectores e lectoras en España vai en aumento. Porén, máis dun 30% da poboación recoñece que non le, nin sequera por motivos de traballo ou estudos. Que opinas destes datos? Consideras que debería fomentarse máis o hábito lector ou que a lectura é simplemente unha actividade de ocio que non ten por que agradar a todo o mundo?

PEPE CARREIRO - Os últimos datos publicados polas asociacións de editores din que, contrariamente ao que se pensa, as persoas novas, as que teñen menos de trinta e poucos anos, son as que máis len. Este é un dato positivo. Tamén din que de cada 100 libros que se len en Galicia só catro son en galego. Estoutro dato é moi negativo. Eu creo que é fundamental fomentar a lectura, en calquera soporte, físico ou dixital, tanto ten, e tanto sexa narrativa, como ensaio, poesía etc. Como é importante fomentar a cultura en xeral: teatro, pintura, danza, música, escultura, cine, banda deseñada etc. etc. Nada disto debería considerarse simplemente como ocio. Hai, claro está, moita cultura que non pasa de aí, do ocio, mais tamén a hai, e creo que é esta a que se debe fomentar, que nos pon en tensión estética, fainos pensar, etc.

Anexo C. Actividades do Proxecto de Aprendizaxe *Club de Ecoliteratura*

1. CATÁLOGO DAS ÁRBORES DE GALICIA

a) Duración: Dúas sesións de Ciencias da Natureza.

b) Espazo: Aula de informática.

c) Recursos: Necesitamos doce ordenadores con acceso a Internet, dous [deseños](#) para o catálogo, unha copia para cada alumno/a da plantilla que debe cubrir para formar as páxinas do catálogo, unha lista de árbores de Galicia -unha por neno/a-, lapis e goma.

d) Dinámica: En primeiro lugar, a docente debe comentar a tarefa que se vai realizar e mostrar dous posíbeis deseños para o catálogo -que inclúen portada, índice, plantilla para as páxinas de contido e contraportada- ao alumnado, o cal pode escoller aquel que máis lle guste mediante votación. Tamén é preciso ter preparada unha lista con vinte e dúas árbores galegas -unha para cada estudante- e sortear que árbore investiga cada un/unha. A continuación, realizamos a actividade en dúas tandas, pois a aula de informática non conta con ordenadores suficientes para vinte e dous nenos e nenas: o primeiro día asisten doce alumnos/as -tres grupos burbulla de catro integrantes cada un- e o segundo día os restantes dez -outro grupo de catro integrantes mais o grupo de seis-. Cada neno/a debe levar a súa copia da plantilla e, coa axuda da mestra, ir completándoa con información da árbore que lle corresponde. Unha vez cubertos todos os datos, por último, búscanse as imaxes necesarias para rematar a páxina. Para a busca de información en Internet empregamos Ecosia, un buscador que emprega os seus beneficios para plantar árbores por todo o mundo. Aqueles/as nenos/as que quedan na aula continúan estudando coa outra mestra o tema de Ciencias da Natureza sobre as plantas.

2. OS PULMÓNS DO PLANETA

a) Duración: Unha sesión de Ciencias Sociais.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos un ordenador conectado a un proxector, un [mapa](#) creado previamente e de maneira específica para esta actividade pola docente en My Google Maps, unha fotocopia para cada alumno/a con seis “[pulmóns do planeta](#)” de diferentes tamaños, o caderno da materia, cores, lapis e goma.

d) Dinámica: Introducimos a actividade explicando por que os bosques son coñecidos como “pulmóns do planeta” e, de seguido, repartimos as fotocopias con varios pulmóns de distintos tamaños para colorear e recortar. A continuación, a través de My Google Maps, cun mapa creado previamente pola docente con localizacións, información e material audiovisual de cada lugar, imos descubrindo as zonas verdes máis importantes para nós; lemos a súa información, visualizamos o seu vídeo e as súas imaxes e, por último, pegamos no caderno

-só pola lingüeta- un pulmón escribíndolle polo reverso o nome do bosque que acabamos de coñecer. Comezamos pola zona máis próxima e o pulmón máis pequeno e continuamos ata chegar á zona máis afastada e ao pulmón de maior tamaño. Os pulmóns péganse uns sobre os outros e os bosques que levan escritos son:

- Cambre: Fraga de Cecebre.
- A Coruña: Fragas do Eume.
- Galicia: Parque Natural do Xurés.
- España: Selva de Irati.
- Europa: Selva Negra.
- A Terra: Amazonas.

Estas localizacións son xa coñecidas polo alumnado, pois nas sesións anteriores de Ciencias Sociais estudamos xeografía e vimos a que lugares pertencemos, desde a nosa parroquia ata a nosa galaxia; así pois, sérvenos de repaso. Para non perder a atención e a motivación do alumnado, engadimos algunha curiosidade sobre cada bosque: libros das nosas ecolecturas ambientados na Fraga de Cecebre e nas Fragas do Eume -*O Bosque Animado, Os Bolechas. A Fraga de Cambre e Os Bolechas. As Fragas do Eume*-, unha flor especial no Parque Natural do Xurés -o lirio de monte-, unha ave moi chamativa na Selva de Irati -o quebrantaósos-, varios animais particulares e unha tarta da Selva Negra, mais imaxes aéreas espectaculares do Amazonas.

3. HORAS DE LECTURA

a) Duración: Seis sesións de Lingua Galega.

b) Espazo: Aula e, cando sexa posíbel, aula-bosque.

c) Recursos: Necesitamos máis de vinte e dous libros de literatura infantil que traten o problema medioambiental nos bosques e mais o coidado e o amor á natureza, unha ficha de comprensión lectora e de valoración persoal sobre cada lectura, un móbil co que poder realizar gravacións de vídeo, lapis e goma. Consulte [aquí](#) o listado de obras propostas coas súas correspondentes fichas.

d) Dinámica: Por sorteo, ao comezo de cada sesión decidimos quen comeza escollendo un libro e, a partir dese/a estudante, continuamos por orde de lista. Cada neno/a vai achegándose ao recuncho da biblioteca de aula, onde se encontra a docente, e elixe unha lectura; a mestra pode guialo na súa escolla tendo en conta os seus gustos e intereses, e sobre todo o seu nivel lector, mais el/ela ten total liberdade na súa elección. Os libros están organizados en catro niveis de lectura para atender ás necesidades de todos/as os/as alumnos/as: inicial, medio, avanzado e experto. Unha vez van rematando de ler, entréganselles as fichas de comprensión lectora e de valoración persoal, as cales inclúen dúas preguntas de comprensión lectora, unha pregunta de reflexión, un comentario valorativo do libro e unha valoración con estrelas para colorear. Cando terminan tamén as fichas, no tempo

restante poden ler libremente algún outro libro -tanto da sección de ecoliteratura como do resto da biblioteca de aula- ou ben saír coa docente ler un anaco da lectura que escolleron para publicar no blog. Tamén pode ocorrer que non logren rematar de ler o conto que escolleron nunha sesión e queiran continuar con el para terminalo noutros momentos libres que teñan no que resta de semana; por iso, na primeira sesión das “Horas de lectura” cada neno/a vai recibir un marcapáxinas do proxecto personalizado co seu nome. Este pequeno detalle pode motivar ao alumnado e difundir entre el un sentimento de pertenza ao grupo.

4. RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE ECOLOGISTAS

a) Duración: Unha sesión de Matemáticas.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos unha copia para cada neno/a da [ficha](#) deseñada especificamente para esta actividade, lapis e goma.

d) Dinámica: Resolvemos os problemas matemáticos da ficha mentres analizamos datos preocupantes sobre distintas ameazas que sofren os bosques. Os problemas exixen, para a súa resolución, a realización de sumas e restas -pola primeira cara da ficha-, así como a interpretación e o deseño de gráficos -pola outra cara da ficha-. As operacións están adaptadas ao nivel de cálculo que o alumnado traballa actualmente e o manexo de gráficos é un contido pendente do curso pasado.

5. LA VOZ DE LA FRAGA

a) Duración: Unha sesión de Lingua Castelá.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos unha copia para cada neno/a da [ficha](#) deseñada especificamente para esta actividade, lapis e goma.

d) Dinámica: Esta actividade consiste na redacción dunha noticia. Hai cinco fichas diferentes, cada unha cunha imaxe dun problema medioambiental que afecta aos bosques distinto -talas, incendios, extinción de especies, especies invasoras e construcións humanas-. Antes de nada, cada neno/a debe escoller o tema que máis lle interesa dos mencionados e, a continuación, repártense as fichas. Entón, o alumnado comeza a preparar as noticias a partir dunha “árbore das ideas”: tal e como medra unha árbore, desde as raíces ata as copas máis altas, hai na ficha unha serie de preguntas numeradas para que, paso a paso, cada neno/a vaia tomando nota das ideas principais que precisa –que pasou, onde, cando, por que, etc.- e así vaia medrando tamén a súa noticia. Ademais, baixo a árbore poden ler algúns datos interesantes sobre o tema escollido que quizais lles sexan útiles. Unha vez que a “árbore das ideas” está completada, o/a alumno/a pasa á seguinte cara da ficha, onde encontra a plantilla

dunha noticia; neste momento, a docente debe proxectar unha plantilla modelo -é dicir, cuberta- e explicar de forma clara e sinxela como debe cubrirse.

6. ENTREVISTAS ECOLITERARIAS

a) Duración: Unha sesión de Lingua Galega.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos unha [presentación](#) con información de cada entrevistado/a -preparada previamente pola docente-, un ordenador con proxector, unha copia para cada neno/a da [ficha](#) deseñada especificamente para esta actividade, lapis e goma.

d) Dinámica: En primeiro lugar, debemos explicar ao alumnado a actividade, recalando que as entrevistas van ser reais e, polo tanto, é preciso ser serios/as coas preguntas que formulemos. A continuación, imos presentando aos autores e á artista -Anxo Moure, Antonio Sandoval, Antonio García Teijeiro e Gloria Mosquera, voz de Mamá Cabra- para que coñezan certa información importante a respecto deles e dela, e mostramos desde o blog os comentarios e/ou vídeos que temos xa sobre os seus libros -no caso dos escritores para que o alumnado pense as súas preguntas. Aqueles/as nenos/as que leron eses contos poden intervir, explicar o que recordan das lecturas, compartir a súa opinión... Tras falar de cada entrevistado/a, deixamos cinco minutos para apuntar cando menos tres preguntas para formularlle.

7. A FÁBRICA DE PAPEL RECICLADO

a) Duración: Tres sesións de Ciencias da Natureza.

b) Espazo: Aula e servizo do alumnado.

c) Recursos: Necesitamos a máxima cantidade de papel usado posíbel, tesoiras, abundante auga, dúas tinas, unha licuadora, un bastidor, unha tea por folio que queiramos fabricar -neste caso, vinte e dous anacos de tea-, unha táboa, un tendal, pinzas de colgar a roupa e un móbil co que poder realizar fotografías e gravacións de vídeo, ademais da [ficha](#) deseñada para unha sesión desta actividade.

d) Dinámica: Desde o comezo do proxecto ata a realización desta actividade -isto é, ao longo dun mes- imos gardando todo o papel que botamos no contedor azul da nosa aula. Ademais, durante a semana anterior, segundo o alumnado vai rematando as tarefas de cada sesión, aproveitamos para ir recortando ese papel en anacos o máis pequenos posíbel, xa que o venres debemos metelos nunha das tinas con abundante auga e deixalos a remollo durante a fin de semana; decidimos mediante sorteo que alumno/a se encarga deste paso e levámolo a cabo ao final da mañá.

Na primeira sesión -luns-, comezamos triturando o papel coa licuadora; por quendas -a sorteo ou premiando por comportamento e traballo- o alumnado achégase ao recuncho onde se encontra a nosa “fábrica” e pouco a pouco vai licuando o papel mollado ata transformalo nunha pasta, que deixa na segunda tina. Unha vez transformado todo o papel, empregamos o tempo restante da sesión para comezar a fabricar os nosos folios de papel reciclado, tarefa que continuamos e rematamos na segunda sesión. Isto realízase tamén por quendas, pois hai que crear os folios dun en un. Cada alumno/a vai saíndo coa docente ao servizo e alí elabora o seu papel seguindo estes pasos: somerxer o bastidor na tina e extraelo co papel, comprobar que a pasta cobre todo o molde -e de non ser así, tapar cos dedos os ocos-, levantar a peza solta do bastidor, colocar a tea enriba da pasta de papel, esmagala coa táboa para escorrerlle a auga e alisala, darlle a volta, separar o bastidor e colgar a tea co papel no tendal para que seque. É necesario deixar secar varios días o papel e, talvez, deixalo uns días máis con peso enriba para aplanalo. Finalmente, cada neno/a separa o seu folio da tea e está listo para usarse. Tanto na primeira como na segunda sesión, mentres os/as alumnos/as van coa docente, o resto do grupo continúa estudando na aula coa outra mestra.

Todo este proceso é fotografado e gravado en [vídeo](#). As imaxes empréganse para ilustrar a ficha que se traballa na terceira sesión, que consiste en apuntar os materiais que utilizamos e os pasos que realizamos na fabricación do papel reciclado para crear unhas instrucións. Por último, as gravacións van formar en conxunto un vídeo onde se explican tamén as instrucións para levar a cabo esta actividade, co fin de publicalo no blog e compartir a experiencia.

8. VIDEOCONTO

- a) Duración: Dúas sesións, unha de Lingua Galega e unha de Educación Plástica.
- b) Espazo: Aula.
- c) Recursos: Necesitamos o texto do libro escollido dividido en vinte e dúas partes -unha por neno/a-, un móbil co que poder realizar gravacións de audio, folios de papel e cores.
- d) Dinámica: En primeiro lugar, é preciso escoller que libro da nosa sección de ecoliteratura é o favorito de todo o grupo-clase. Para iso, a docente debe ollar as fichas de comprensión lectora das seis sesións de “Horas de lectura” e encontrar aquel/es conto/s con máis valoracións e mellor puntuación; no caso de haber varios, preséntanse ao alumnado e elíxese un por votación. Unha vez escollido o conto, a docente debe transcribir o seu texto e dividilo en vinte e dúas partes; no caso de ser un libro en castelán, podemos propoñer aos/ás estudantes crear unha versión deste en lingua galega.

Ao longo da primeira sesión, os/as alumnos/as van saíndo coa mestra -pola orde que se decida a sorteo- ler unha parte do conto; así, a docente vai gravando en audio a lectura do conto completo entre todo o alumnado. Mentres, o resto do grupo le na aula algún libro da nosa biblioteca -sexa da sección de ecoliteratura ou non-, xa que se trata da hora semanal que ata este momento dedicamos ás “Horas de lectura” e podemos aproveitar para continuar esa rutina. Por último, na segunda sesión, o alumnado diseña, debuxa e colorea as ilustracións que van aparecer no videoconto mentres se lles escoita a eles/as mesmos/as narrando a historia; cada neno/a debe crear unha ilustración relacionada coa parte do texto que lle tocou ler. Finalmente, o [videoconto](#) é visualizado á volta do Nadal -tras ser montado pola docente- durante os “Premios Goya de Literatura”, así como é publicado no blog. Tamén é posíbel crear unha versión de libro virtual con Storyjumper.

9. ECOLOXISTAS REFORESTADORES/AS

- a) Duración: Indeterminada.
- b) Espazo: Aula ao aire libre, aula e Fraga do Rei (Cambre).
- c) Recursos: Necesitamos como mínimo unha pequena maceta por alumno/a -neste caso, vinte e dúas macetas-, un froito para cada maceta -castaña, landra ou noz-, terra suficiente para encher esas macetas e gardar unha parte como reserva, e abundante auga.
- d) Dinámica: En primeiro lugar, cada neno/a debe traer á escola o froito que quere plantar, a escoller entre castaña, landra ou noz. Ao longo dunha sesión de Ciencias da Natureza, de forma individual, o alumnado vai saíndo coa docente ao exterior para plantar o seu froito; alí a mestra ten todo o material preparado e o alumnado, coa súa axuda, pode preparar as macetas sen preocuparse por barnar a aula. Simplemente deben meter o froito dentro da maceta, cubriro con abundante terra e botarlle un pouco de auga. Mentres tanto, a outra docente continúa na aula avanzando cos nenos e coas nenas no temario da materia. As macetas deben ser colocadas despois en ringleira ao longo da repisa das fiestras da aula, para que podan recibir luz solar, e regarse unha ou dúas veces á semana; en cada ocasión, sorteamos que alumno/a se encarga desta tarefa ata que todos/as o teñan realizado e comezamos outra rolda. Cando as plantas comecen a crecer, voltamos á Fraga do Rei e replantámolas alí.

10. ARTIGO DE OPINIÓN: OS BOSQUES EN PERIGO

- a) Duración: Unha sesión de Ciencias da Natureza.
- b) Espazo: Aula.
- c) Recursos: Necesitamos unha copia para cada neno/a da [ficha](#) deseñada especificamente para esta actividade, lapis e goma.

d) Dinámica: Como actividade final do proxecto, o alumnado debe elaborar un artigo de opinión sobre a situación dos bosques, co fin de resumir e comprobar todo o aprendido. Na primeira cara da ficha, explícase a tarefa e aparecen unhas preguntas orientativas para preparar as ideas que se queren plasmar no artigo e, unha vez que esta parte estea completada, viramos a páxina para redactar o noso artigo de opinión, cubrindo a plantilla.

11. AVALIACIÓN DO PROXECTO. VALORACIÓN DO ALUMNADO

a) Duración: Unha sesión de Lingua Galega.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos unha copia para cada neno/a da [ficha](#) deseñada especificamente para esta actividade, lapis e goma.

d) Dinámica: O proxecto chega ao seu fin e precisamos avalialo. Para involucrar ao alumnado nesta tarefa, propoñemos unha actividade a modo de recensión crítica; na primeira cara da ficha, para a preparación de ideas, os/as nenos/as deben cubrir unha escala de cualificación descritiva e, a continuación, virando a páxina, poden escribir a súa valoración a respecto do proxecto.

READING CHALLENGE

a) Duración: Indeterminada.

b) Espazo: Casa.

c) Recursos: Necesítase un libro e un aparato electrónico co que poder gravar en vídeo mais enviar este material.

d) Dinámica: Unha vez que o proxecto estea en pleno desenvolvemento e o hábito lector comece a afianzarse entre o alumnado, propoñemos un reto -agora que están de moda os “challenges” en redes sociais-, por suposto, voluntario: gravarse en vídeo lendo na casa e retar a outros/as compañeiros/as a facer o mesmo. As familias deben enviar ás mestras os vídeos para que sexan reenviados aos/ás nenos/as retados/as neles e, a continuación, publicados nunha sección especial do blog. Se o reto funciona ben, pode estenderse a outros/as alumnos/as do centro -coa aprobación previa das súas mestras, pois precisamos da súa colaboración- e mesmo continuarse durante o Nadal ou incluír ás familias.

VISUALIZACIÓN DO FILME *O BOSQUE ANIMADO* (2001)

a) Duración: Tres recreos, aproximadamente.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos un ordenador, un proxector e o filme en DVD *O Bosque Animado* (2001).

d) Dinámica: Naqueles recreos en que chove, o alumnado non pode saír ao patio, senón que debe permanecer na aula. Para amenizar estas ocasións, propoñemos a visualización deste filme, xa que a súa temática encaixa á perfección co proxecto, é unha das poucas películas dispoñíbeis en lingua galega, o seu libro forma parte da nosa sección de ecoliteratura na biblioteca de aula e pensamos que vai gustar ao alumnado.

PREMIOS GOYA DE LITERATURA

a) Duración: Unha sesión de Lingua Galega.

b) Espazo: Aula.

c) Recursos: Necesitamos [diplomas](#) personalizados, premios, un ordenador e un proxector. É importante que haxa cando menos un diploma e un premio para cada neno e nena, aínda que poden ser máis.

d) Dinámica: O proxecto remata e chega o momento de premiar o traballo e o progreso do alumnado. Esta sesión ten lugar á volta do Nadal, de forma que pode servir de incentivo para comezar o novo trimestre con motivación, ou ben de toque de atención para aqueles/as alumnos/as que precisan cambiar especialmente a súa actitude ante o traballo. A través dos diplomas, felicitamos a cada neno/a por aqueles aspectos nos que destacou -motivación ante a lectura, uso do galego, mellora da competencia lecto-escritora, etc.- e, de seguido, chamamos aos/ás alumnos/as, un/unha a un/unha, para que elixan un premio; a orde para esta escolla decídese por méritos dentro do proxecto, así como por aspectos actitudinais. Convén que cando menos unha parte dos premios sexan libros para seguir fomentando a lectura no alumnado e, sobre todo, para comprobar na escolla se o proxecto obtivo resultados positivos e hai alumnos e alumnas que se emocionan recibindo un conto como premio. Por último, visualizamos os materiais creados ao longo do proxecto e realizamos unha pequena tertulia final sobre este.

Anexo D. Transcrición da Entrevista á Titora

ENTREVISTADORA – Primeiro de todo, que che pareceu o proxecto de ecoliteratura canto a planificación, temporalización...? É dicir, como estivo en xeral organizado?

TITORA – A min pareceume que estivo moi ben organizado. Sabiamos que unha ou dúas sesións semanais íamos dedicalas ao proxecto.

ENTREVISTADORA – Quería preguntarche sobre o hábito lector e o gusto pola lectura do alumnado, un dos obxectivos principais do proxecto. Notaches algún cambio grazas ás “Horas de lectura” neses aspectos?

TITORA – Si, evidentemente. Moitos nenos manifestaron que agora lles gusta ler e tamén houbo unha evolución na lectura, tanto na mecánica como na velocidade; entón, foi moi positivo.

ENTREVISTADORA – Por exemplo, nos momentos de xogo libre na aula, ves que se decantan máis pola lectura como actividade de ocio que antes?

TITORA – Si. Eu sempre, ou case sempre, lles dou a opción de ler ou xogar, e moitos deles agora xa de modo voluntario ceden máis aos libros.

ENTREVISTADORA – Outro obxectivo era traballar a competencia comunicativa en lingua galega, sobre todo canto a comprensión lectora e a expresión escrita. Notaches tamén algunha mellora neste aspecto?

TITORA – A nivel oral aínda lles custa moitísimo; son castelanfalantes, non se expresan en galego a non ser que lles digas “non che estou entendendo”, que entón xa saben que teñen que falar en galego, e aínda así non se expresan ben. Pero a nivel escrito, agora tenden máis a escribir en galego, xa teñan a ficha en galego ou en castelán; moitas veces non discriminan o idioma e como estaban acostumados a facer as fichas de comprensión en galego, xa moitas veces, aínda estando en castelán, as fan en galego.

ENTREVISTADORA – Despois, sobre a educación medioambiental, que traballamos como temática do proxecto, consideras que houbo unha aprendizaxe, canto a contidos, comportamentos, actitudes...? Percibiches ao mellor algún cambio neles e nelas?

TITORA – Si, van integrando certas cousiñas. Por exemplo, co uso das máscaras desde o principio lles expliquei que era mellor quitarlles as gomitas unha vez que se tiran ao lixo, e é algo que xa teñen moi automatizado. Co gasto do papel aínda estamos aí; aínda que se racione, eles tenden a querer máis, porque lles gusta moito debuxar. Este é un obxectivo a longo prazo.

ENTREVISTADORA – Consideras que o proxecto ofreceu unha aprendizaxe significativa para eles e elas sobre esta temática ao incluír experiencias? Por exemplo, a

excursión inicial á fraga, as entrevistas aos escritores unha vez que xa coñecían os seus libros, etc.?

TITORA – Evidentemente que si. Porque estamos rodeados de natureza e temos que coidala. A saída á fraga foi algo que lles gustou moitísimo e que lles permitiu coñecer a súa contorna. Eu penso que foi un proxecto que lles axuda a integrar esas cousiñas e a ser máis responsables a nivel social, porque os seus actos repercuten en todos, e creo que pouquiño a pouco, con pequenos pasos, iremos avanzando niso.

ENTREVISTADORA – Por último, quería saber a túa opinión sobre o uso que fixemos das TIC. Por exemplo, empregamos Internet para investigar sobre as árbores de Galicia, o blog, Youtube para compartir os videocontos... Pensas que estes recursos tecnolóxicos axudaron á motivación do alumnado?

TITORA – Si, si, gústalles moito. Eles son –non sei se se pode dicir ou non- “nativos dixitais” –porque hai aí unha controversia-. Están acostumbrados; moitos deles na casa teñen o móbil un curto período de tempo e acceden aos seus contidos. Entón, claro que si, a nivel TICs, venlles moi ben.

ENTREVISTADORA – Levamos a cabo un uso destas tecnoloxías cara a empoderamento e participación, máis que simplemente cara a información e comunicación, porque producimos moitos materiais, publicámoslos... é dicir, dimos un pouco a oportunidade de participar a outras persoas. Como cres que funcionou este enfoque?

TITORA – Funcionou moi ben. As familias tiveron no carné do blog a información para acceder a el e foron participando. Xa sabemos que as familias unhas participan máis e outras menos, depende da súa implicación, pero realmente funcionou ben.

ENTREVISTADORA – Recibiches algún comentario dalgunha familia á que lle gustase estar así de informada do que faciamos na aula?

TITORA – Si, algunha familia díxome e algunha chegoume a comentar “Non me estraña que o neno queira ir a clase”, porque se facían estas cousas tan divertidas que lles gustaba moito.

ENTREVISTADORA – Gustaríache comentar algo máis sobre o proxecto?

TITORA – Nada, que me gustou moito, sobre todo as “Horas de lectura”, así que imos seguir traballando por aí.

ENTREVISTADORA – Pois isto é todo, moitísimas grazas.

Anexo E. Transcrición dos Grupos de Discusión co Alumnado

GRUPO DE DISCUSIÓN 1

ENTREVISTADORA – Recordades o proxecto de ecoliteratura?

ALUMNADO – Siiii [responden todos e todas de maneira unísona].

ENTREVISTADORA – Primeiro, que aprendemos sobre os bosques? A ver que recordades. Que lles pasaba?

L. B. – Que os cortaban.

S. P. – Que ardían.

C. D. – Que os cortaban, os queimaban e os maltrataban, os ensuciaban.

A. MC. – Que lles tiraban lixo.

N. S. – Que os incendiaban.

ENTREVISTADORA – Moi ben! Recordades moitas cousas. E que podíamos facer nós para axudar aos bosques? Fixemos algunha cousas aquí no cole.

L. B. – Plantar.

ENTREVISTADORA – Claro! Importante, non? Se alguén os corta, para que se poidan recuperar hai que plantar máis. E fixemos algunha outra cousa? Creo que fabricamos algo...

ALUMNADO – Papel! [responden todos e todas de maneira unísona].

C. D. – Para non cortar máis árbores. Eso se tendría que facer en todos os países. Para no gastar papeles seguido, seguido y seguido, pues es mejor guardarlos o llevarlos al cubo de reciclaje.

L. B. – Yo hice un mapa del tesoro con el folio de papel que fabriqué.

N. S. – Yo corto el papel en cuatro partes y así puedo hacer varios dibujos y no gasto más folios.

S. P. – Yo los uso por una sola cara porque por la otra ya está llena de letras, porque los reutilizamos del trabajo de papá.

ENTREVISTADORA – Perfecto! E agora facedes algo novo na casa para coidar máis a natureza?

L. B. – Eu reutilizo o papel todo o que podo, corto os trozos en branco para volver a usalos.

E. V. – Eu non uso papel.

ENTREVISTADORA – Nada de nada? Porque non pintas ou porque usas outras cousas para pintar?

E. V. – Non pinto.

ENTREVISTADORA – Ah, vale. E ti, C.D., fas algo na casa para coidar a natureza?

C. D. – Eu para coidar o planeta na casa pinto nas libretas en vez de coller folios.

ENTREVISTADORA – Moi ben. Alguén máis? T.V., ti que me contaches que fixeras en Nadal?

T. V. – Abuelo iba a cortar un árbol y le dije que no lo talara. E sigue vivindo porque ese árbol lleva desde que mi tío nació, na aldea.

A. MC. – Yo le dije a mi padre que no me gusta que talen las ramas de los árboles.

L. B. – ¡Y yo! En mi aldea había un árbol que está desde que nació mi abuelo, creo, y aún sigue ahí solo que un día lo iban a cortar, le dije a mi padre que no, que hablara con el ayuntamiento y que no lo cortara, y no lo cortaron. Pero este año, en abril, les volví a decir que no lo talaran y lo talaron.

ENTREVISTADORA – Vaia, ao mellor é que estaba enfermo.

L. B. – No, no, no estaba enfermo, solo que le cortaron las ramas y ahora está bajito, con lo alto que era.

ENTREVISTADORA – Ah, xa entendo. É xenial que vos preocupedes así polas árbores! Aínda que ás veces é necesario podar as pólas das árbores para que volvan nacer máis sás. Cando vaian cortar outra vez, preguntade a ver por que o fan.

Imos falar agora das “Horas de lectura”. Que vos parece esta actividade? Gústavos? Porque empezamos a facela case ao principio do curso, co proxecto de ecoliteratura.

ALUMNADO – Siiii [responden todos e todas de maneira unísona].

N. S. – A mí sí me encanta. Porque tenemos que aprender más a leer y practicar mucho.

E. V. – A mí porque ahora me gusta leer, simplemente.

ENTREVISTADORA – Xenial. E notastes que mellorastes lendo?

ALUMNADO – Siiii [responden todos e todas de maneira unísona].

ENTREVISTADORA – Cando soedes ler? Ledes algo na casa? Porque no cole agora lemos, pero e fóra?

ALUMNADO – Moito, sempree [responden varios/as de maneira unísona].

S. P. – A mí me gusta cuando son libros largos.

E. V. – Yo me leí un libro que tengo como... cuatro veces.

ENTREVISTADORA – Caramba, nótase que che encanta. E que libro é?

E. V. – Spiderman y Venom.

A. MC. – Yo siempre leo todos os días dous libros cortos e un de 80 páxinas.

S. P. – Yo de 200 páxinas.

L. B. – Yo por la noche leo un montón.

T. V. – Yo todas las semanas leo un poquito, a veces 100 o 120 páginas.

N. S. – ¡Yo tengo una biblioteca en casa!

ENTREVISTADORA – Anda, que sorte! E ti cando soes ler, tamén polas noites?

N. S. – Si.

U. L. – Yo leo muchíiiiisimo en casa.

ENTREVISTADORA – Que ben! E cando soes ler?

U. L. – Cando chego do cole [despois de comer, porque vai a comedor].

C. D. – Yo leo mucho libros en casa, una veces antes de dormir, otras veces por los fines de semana, y un día me leí cuatro libros enteros de muchas páginas.

L. B. – Eu pola noite leo un libro que creo que ten 140 páxinas, e estou léndome a serie enteira.

ENTREVISTADORA – Vaia! E como se chaman eses libros?

L. B. – Os Futbolísimos. Ya voy por el libro 12.

ENTREVISTADORA – Agora ledes máis que antes?

ALUMNADO – Siiii [responden todos e todas de maneira unísona, salvo C. D.].

C. D. – Yo no, porque ya leía mucho antes, pero ahora leo libros de más páginas.

E. V. – Yo antes no leía ni una letra, no me gustaba leer, ahora sí.

ENTREVISTADORA – Moi ben. E ti, M. G.? Les agora máis que antes ou non?

M. GM. – Si.

ENTREVISTADORA – E notas que les mellor? Porque melloraches un montón.

M. GM. – Bueno...

ENTREVISTADORA – Tamén outra cousa moi importante que practicamos foi a lingua galega. Ledes máis fácil agora en galego?

E. V. – Sí, yo sí. Antes no me gustaba nada leer.

A. MC. – Yo ahora leo más rápido que mi hermana y ella tiene 8 años y medio.

ENTREVISTADORA – E escribir? Escribides máis en galego?

S. P. – Yo sí. De hecho, me inventé un libro en gallego.

ENTREVISTADORA – Caramba! Que ben. Pois a última pregunta... Moitos usades xa moito Internet na casa, para xogar, pero gústavos usalo aquí? Para investigar na aula de informática, para publicar vídeos en Youtube para outros nenos...?

ALUMNADO – Siiii [responden todos e todas de maneira unísona; despois, varios/as desvíanse da conversación comentando que queren ser “youtubers”].

GRUPO DE DISCUSIÓN 2

ENTREVISTADORA – Imos falar un ratiño sobre o proxecto de ecoliteratura que fixemos. Recordádelo?

ALUMNADO – Siiii [responden a maioría de maneira unísona].

ENTREVISTADORA – Que recordades que lles pasaba aos bosques, por exemplo?

N. B. – Pues que se incendian y cosas así.

M. M. – También que tiran basura.

M. GR. – As talas masivas.

A. MP. – Que para protexer o medio ambiente non hai que tirar cousas, nin maltratar os animais, nin tirar cousas ao mar.

C. S. – Que non se puede tirar basura ao mar nen tampouco á fraga.

K. R. – E hai que coidar aos animais. Porque os cabalos salvaxes son moi, moi delicados.

M. GR. – Unha cousa moi mala para os bosques son as talas masivas.

ENTREVISTADORA – Moi ben. Como por exemplo vimos que pasaba no bosque máis grande do mundo, verdade? Recordades cal era?

M. GR. – A Amazonia.

ENTREVISTADORA – Iso é! E que aprendemos que podíamos facer para axudar a coidar o medio ambiente?

A. MP. – Eu cando vou ao bosque pasear na egua, vou comendo a veces, pero nunca nunca tiro nada e sempre o gardo no bolsillo ou onde levo a comida. E sempre sempre vou de ruta polo bosque coa miña avoa, para coidar a natureza e para que nosoutras tamén coidemos o noso corpo.

M. GR. – Tamén podemos reciclar papel para que non se talen tantos árbores e facer novo papel, por exemplo como fixemos nós, de coller trozos de papel que xa non servían para facer nada e crear novos papeles.

ENTREVISTADORA – Moi ben. E tamén deberíamos gastar menos, verdade? E gastades menos folios de papel agora?

M. M. – Yo ahora cada día uso solo un folio. Y como ya soy un niño mayor, ya tengo que ir sacando la basura.

ENTREVISTADORA – Moi ben! Hai que reciclar, verdade? E separades o lixo na casa?

ALUMNADO – Siiii (responden a maioría de maneira unísona).

M. GR. – Eu, desde que fixemos o proxecto dos bosques e das fragas, pois non uso tanto papel nin no colexio nin en casa. E eu sempre sempre sempre todo o que podoo reciclar, o reciclo. E separo sempre o papel do plástico, da comida...

ENTREVISTADORA – Xenial. Agora imos falar un pouco sobre as “Horas de lectura”. Gústavos que teñamos unha hora de lectura cada semana no cole?

E. G. – Non! Nada, non me gusta ler.

M. GR. – A min gústame moito ler e tamén gústame moito a natureza, así que este proxecto gustoume moito porque se mezclaron dúas cousas que a min gústanme moito. E ademais era moi divertido e cada vez que leía un novo libro aprendía cousas novas e como que lle daba un punto aos meus sentimentos.

ENTREVISTADORA – Oh, que bonito, M. GR.! E a ti, K. R., gústanche as “Horas de lectura”?

K. R. – Sí, yo leo todos los libros cada día.

N. B. – Pois a min os libros me gustaron moito e me fixeron moita ilusión leerlos.

ENTREVISTADORA – Gústavos poder escollelos vós?

N. B. – Yes.

V. V. – Yo odio todos los libros, sólo me gustan los cómics.

ENTREVISTADORA – Iso está ben tamén, a cada un lle poden gustar uns libros diferentes. A ver, I. C., que che parecen a ti as “Horas de lectura”?

I. C. – Bien, porque así aprendemos a leer más rápido.

ENTREVISTADORA – E notastes que xa ledes máis rápido agora?

ALUMNADO – Siiii [responden varios/as de maneira unísona].

K. R. – Yo ahora leo muy rápido.

M. GR. – A min gustoume poder elixir os contos porque moitos deles xa os conocía un pouquiño e así podía elixir outros novos para que me podesen provocar outro tipo de sentimentos.

N. B. – A min gustoume moito elixir os libros e noto moito pero moito que cada vez vamos avanzando máis en ler, y que cada vez cogemos libros máis largos porque cuanto máis rápido leas tienes más confianza y todo.

V. V. – Máis ou menos me gustan os libros. E sobre todo os cómics que tienen mucha letra y que dan risa.

N. B. – E a min me gusta moito hacer as fichas e todo. Lo que pasa es que me dan una emoción de que estoy aprendiendo a leer muy rápido. O primeiro libro que yo cogí fue súper

largo, pero me di de cuenta que yo sabía leer súper rápido porque en casa leo y me lo leí en dos días.

ENTREVISTADORA – Ben, e agora imos falar un pouco do galego... porque tivemos moooitos libros en galego, verdade? Pensades que agora ledes mellor en galego?

N. B. – A mí me gusta mucho hacer la ficha y noto mucho que mejoro hablando galego, escribiéndolo...

ENTREVISTADORA – E que vós as dúas [N. B. e M. GR.] escribides todas as fichas en galego agora, ata cando están en castelán!

N. B. – Oh my God.

M. GR. – Eu notei que aparte de falar mellor en galego, entendía mellor en galego e leía mellor en galego. E iso doume avances a poder ler moitos libros que a min me gustaban, pero que eran en galego e como eu non sabía ler moi ben en galego pois non os leía. E cando fixemos ese proxecto sentín que xa podía ler eses libros que a min tanto me gustaban porque xa sabía escribir e ler en galego.

ENTREVISTADORA – Fantástico! Pois xa para rematar, porque nos queda pouco tempo... Contádeme, que vos pareceu usar Internet no proxecto? Para investigar as árbores de Galicia, para ter o noso blog, para publicar o noso videoconto en Youtube... Gustáronvos esas actividades?

N. B. – A min gustoume moito que foi a primeira vez que salín en Youtube.

M. GR. – A min non é que me entusiasme moito Internet, pero gustoume moito poder facer os meus propios debuxos da miña parte do conto e poder lelos e publicalos. E esa foi sin duda unha das actividades que máis me gustou do proxecto da fraga.

ENTREVISTADORA – Que ben, alégrome moito. [Aquí remata a discusión, porque terminara xa o tempo que tiñamos dispoñíbel].

Anexo F. Resultados da Avaliación do Proxecto polo Alumnado

Táboa 3.

Resultados da Avaliación do Proxecto por Alumno/a

Ítems Aval.	Suxeitos															
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
1	2	2	3	3	3	3	3	3	3	2	3	3	3	3	2	3
2	2	2	3	3	3	3	3	3	3	2	3	3	3	2	1	3
3	2	0	3	3	0	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	3
4	3	2	3	3	0	3	3	3	3	3	3	2	3	2	1	3
5	2	2	2	2	2	3	2	3	3	3	3	3	3	1	3	2
6	3	3	3	3	3	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	3
7	3	2	3	3	3	3	2	3	3	3	3	3	3	2	2	3
8	2	3	3	3	2	3	3	3	3	3	3	2	3	2	1	3
9	1	2	2	2	1	3	2	2	3	2	3	1	3	2	3	3
10	papel	mate	papel	papel	exc.	ler	ler	ler	ler	exc.	la voz	pele	papel	exc.	mate	papel
Total /27	20	18	25	25	17	27	24	26	27	24	27	23	27	18	17	26
Total /10	7,4	6,7	9,3	9,3	6,3	10	8,9	9,6	10	8,9	10	8,5	10	6,7	6,3	9,6

Táboa 4.

Resultados da Avaliación do Proxecto por Ítem

Ítems	Puntos totais /48	Puntuación /10
1. As actividades do proxecto parecerónme divertidas.	44	9,17
2. Aprendín coas actividades do proxecto.	42	8,75
3. Agora gústame máis ler que antes do proxecto.	39	8,13
4. Agora leo máis a miúdo que antes do proxecto.	40	8,33
5. O proxecto axudoume a usar máis o galego.	39	8,13
6. Co proxecto coñecín problemas que sofren os bosques.	46	9,58
7. Co proxecto aprendín accións para protexer os bosques.	44	9,17
8. Agora preocúpome máis polo coidado da natureza.	42	8,75
9. Co proxecto utilizamos tecnoloxías.	35	7,29
10. A miña actividade favorita foi	1º A fábrica de papel reciclado (5 puntos) 2º Horas de lectura (4 puntos) 3º Excursión á Fraga do Rei (3 puntos) 4º Resolución de problemas de ecologistas (2 puntos) 5º La Voz de la Fraga / Visualización de <i>O Bosque Animado</i> (1 punto)	

Anexo G. Resultados do Cuestionario sobre Comportamentos e Actitudes Proambientais no Alumnado

Táboa 5.

Resultados do Cuestionario sobre Comportamentos e Actitudes Proambientais no Alumnado

Sux	C.1	C.2	C.3	C.4	C.5	C.6	C.7	C.8	A.1	A.2	A.3	A.4	A.5	A.6	A.7	A.8	Total C	Total A	Total C+A
1	2	2	3	3	1	2	2	2	2	2	2	2	3	3	3	3	17	20	37
2	2	1	3	3	1	2	2	3	2	0	2	2	3	3	3	3	17	18	35
3	1	1	0	3	3	2	3	1	2	0	2	2	3	3	3	3	14	18	32
4	2	2	3	3	3	2	3	2	2	2	2	2	3	3	3	3	20	20	40
5	2	1	3	3	3	1	3	3	2	0	2	2	3	3	3	2	19	17	36
6	3	2	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	3	3	3	3	23	20	43
7	2	1	3	3	3	1	3	3	2	2	2	2	3	3	3	3	19	20	39
8	1	2	3	3	3	1	3	3	2	0	0	0	3	3	3	2	19	13	32
9	1	1	3	3	3	2	3	3	2	2	2	0	2	3	3	3	19	17	36
10	3	2	3	3	2	2	3	3	2	2	2	0	2	3	2	3	21	16	37
11	1	1	3	2	1	2	3	3	2	0	0	0	3	3	3	2	16	13	29
12	3	2	2	3	1	3	3	3	2	2	0	0	3	3	3	3	20	16	36
13	1	2	3	3	3	1	1	3	2	2	0	0	3	3	3	3	17	16	33
14	3	2	2	3	1	3	3	3	2	2	0	0	3	3	3	3	20	16	36
15	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	3	3	3	3	24	20	44
16	1	1	0	3	3	3	3	0	2	2	0	0	2	1	1	3	14	11	25
17	3	1	1	3	3	3	3	3	2	2	2	0	3	3	2	3	20	17	37
/51	34	27	41	50	40	36	47	44	34	24	22	16	48	49	47	48			